

# RS | UDC 14-15



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



A elaboración da Memoria de responsabilidade social da Universidade da Coruña (UDC) é froito do convenio de colaboración asinado por INDITEX, SA e a UDC o 10 de marzo de 2010, polo que ambas as dúas institucións acordaron xuntar esforzos co obxecto de promoveren a implantación dun modelo de responsabilidade social universitaria.

A coordinación técnica das actuacións que levaron a cabo está a cargo da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e do Consello Social da UDC, como órgano de participación da sociedade na universidade.

# RS | UDC 14-15

## MEMORIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL

UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
2014-2015

Compromisos e actuacións da Universidade da Coruña para un desempeño responsable e o avance cara a unha sociedade sustentable económica, social e medioambientalmente.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# ÍNDICE

CARTA DO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA 6

CARTA DA VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA 8

CARTA DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL 10

**QUE SOMOS? COMO SOMOS? 12**

**1. A UNIVERSIDADE DA CORUÑA 14**

1.1. UNHA OLLADA AO CURSO 2014 - 2015 15

1.2. MISIÓN, VISIÓN, VALORES E ESTRATEXIA 16

1.3. UNHA UNIVERSIDADE CON VOCACIÓN INTERNACIONAL 19

1.4. UNHA UNIVERSIDADE ADAPTADA ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS 22

1.5. UNHA UNIVERSIDADE CON PRESENZA ALÉN DAS AULAS 24

**OS NOSOS GRUPOS DE INTERESE 32**

**1. OS NOSOS GRUPOS DE INTERESE 34**

1.1. O DIÁLOGO COS GRUPOS DE INTERESE 34

1.2. OS ASUNTOS MATERIAIS NO NOSO DESEMPEÑO 34

2.	OS ESTUDANTES	36
2.1.	OFERTA ACADÉMICA	38
2.2.	IMPULSO NO DESENVOLVEMENTO ACADÉMICO, PERSOAL E PROFESIONAL DOS NÓSOS ESTUDANTES	39
3.	O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR	42
3.1.	CALIDADE NA DOCENCIA	44
3.2.	INVESTIGACIÓN ÉTICA E DE CALIDADE	44
4.	PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	46
5.	AS EMPRESAS	50
5.1.	TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO	51
5.2.	DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE COLABORACIÓN ENTRE UNIVERSIDADE E EMPRESAS	51
5.3.	FOMENTO DO EMPRENDEMENTO	53
6.	CONTORNO E CIDADANÍA	54
6.1.	RELACIÓNS COA SOCIEDADE	55
6.2.	COMPROMISO COS GRANDES RETOS DA SOCIEDADE	57
6.3.	PROMOCIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS	62
6.4.	TRANSPARENCIA E BO GOBERNO	63
<b>METODOLOXÍA E ANEXOS</b>		<b>70</b>
1.	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>72</b>
2.	<b>ANEXOS</b>	<b>74</b>



# CARTA DO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Ao se referir á responsabilidade social, o Plan estratéxico UDC 2020 establece que a relación entre a universidade e a sociedade debe ser bidireccional, para que se xere unha dinámica de desenvolvemento social, cultural e económico.

A través da ampla información e documentación contidas na presente *Memoria de Responsabilidade Social 2014-2015*, pódese percibir con clareza o moito que esa relación bidireccional mellorou nos últimos anos.

A celebración dos primeiros 25 anos de vida da Universidade da Coruña ofreceunos a oportunidade de rememorar e de recapitular a curta e intensa vida da nosa institución. Puidemos botar a vista atrás, valorar o camiño percorrido e comunicarlle á sociedade cara a onde temos orientados os pasos futuros.

Nese contexto, e xa cun chisco de perspectiva, puidemos tomar conciencia do alcance real desa bidireccionalidade. Puidemos contrastalo coa percepción que de nós teñen todos os nosos grupos de interese. Puidemos comprobar, así mesmo, como se reflicte no noso contorno a tarefa que se nos ten encomendada, que non é outra que o desempeño do servizo público da educación superior.

A evolución da sociedade nas últimas décadas non fixo máis ca fortalecer o vínculo da universidade co seu ámbito de influencia máis próximo. Lonxe fican xa os tempos da universidade illada e ensimesmada, no arranque do novo milenio, que é o marco cronolóxico en que nace e medra a Universidade da Coruña, incorporáronselles aos campus novas demandas e novas responsabilidades, que van moito máis alá das tradicionais, estritamente académicas e científicas.

En pouco tempo, a terceira misión universitaria, a transferencia á sociedade dos resultados da investigación, deveu na obriga da universidade de contribuír ao progreso social e económico dunha sociedade que, precisamente, considera o coñecemento como seu principal motor. A Unión Europea estipulouno así na súa coñecida Declaración de Lisboa, en 2009, cando acordou darlle prioridade á innovación no marco das estratexias nacionais de desenvolvemento dos países integrantes.

Daquela, o compromiso da universidade co seu contorno ampliouse. Alén de formar os profesionais altamente cualificados que a sociedade demanda e ademais de acompañar a docencia con investigación, cómprelle tamén un maior protagonismo na transferencia de coñecemento, na innovación.

Sobre esas tres bases descansa o labor actual da universidade e nesa tripla vertente temos que analizar como desenvolve a súa misión social. Unha misión que ten grupos de interese directos e máis próximos, pero que lle compete á sociedade no seu conxunto, dado o elevado valor estratéxico do seu traballo na sociedade do coñecemento como instrumento básico para a igualdade de oportunidades, para a cohesión social e para o crecemento.

A presente *Memoria* contribúe, un ano máis, a mellorar as canles de coñecemento da sociedade sobre a Universidade da Coruña. A súa edición e presentación renova o compromiso que temos coa transparencia.

**Julio E. Abalde Alonso**  
*Reitor*





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Escola  
Universitaria  
de Deseño Industrial



# CARTA DA VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Cada vez que se publica unha nova Memoria de RSU preséntasenos a oportunidade de recapitular e comprobar se a acción da Universidade da Coruña se mantén en coherencia cos principios básicos da responsabilidade social.

A min, como titular da vicerreitoría que dirixe as iniciativas específicas propias da responsabilidade social nos campus da Coruña e de Ferrol, resúltame máis doado comprobar se esa filosofía de funcionamento que é a RSU opera ou non de xeito transversal e eficaz en toda a institución.

A información que se contén neste documento avala a idea de que o compromiso da UDC se está a traducir nunha xestión socialmente responsable, que vai moito máis alá das estritas obrigas legais.

Non abonda con subscribir retóricas declaracións de intencións. Daquela, considero relevante comprobar que as obrigas ordinarias da Universidade se desenvolven nun marco de esixencia nas súas políticas de xestión social, económica e ambiental. Isto é, o marco propio dunha verdadeira responsabilidade social universitaria.

No exercicio da súa función esencial, o desempeño do servizo público da educación superior, a universidade do século XXI asume novas funcións e un papel moi reforzado na relación cos seus grupos de interese e coa sociedade no seu conxunto.

Neste novo posicionamento estratéxico na sociedade, os campus universitarios, centrais xa na formación de capital humano, na investigación e na innovación, deben servir tamén como modelos para outras organizacións. Deben ser exemplares en valores como a participación, a transparencia, a sustentabilidade ou, por suposto, o rendemento de contas.

Na procura da calidade ética no desempeño do labor universitario son moi significativas determinadas liñas de acción da Universidade da Coruña. Hai actuacións concretas que podemos tomar como referentes ou indicadores do compromiso da nosa institución cos valores da RSU.

Refírome, por exemplo, a programas como Espazo Compartido, para integración de persoas con discapacidade cognitiva; ou ao labor de investigación e divulgación que se fai desde a Oficina para a Igualdade de Xénero; ou á atención, cada ano máis extensa, ao estudantado con discapacidades físicas ou outras necesidades específicas.

Son tres exemplos que dan idea do alcance do compromiso da Universidade da Coruña. Porque a xestión responsable é unha idea transversal, mais é en iniciativas deste tipo onde mellor se reflicte o espírito dunha institución como a nosa. Coido que estamos no camiño correcto.

**Araceli Torres Miño**

*Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social*



# CARTA DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL



Hoxe non se concibe a existencia dunha institución, pública ou privada, que non teña un compromiso social engadido ao seu modelo de funcionamento ou de negocio. No caso dunha institución pública cuxa finalidade de servizo público é a mesma razón da súa existencia, por exemplo unha universidade pública, ese compromiso social engadido é igualmente posible e esixible. O acceso a unha ensinanza pública universitaria de calidade, en condicións de igualdade de oportunidades, revestirá caracteres de maior excelencia se ademais presta unha especial atención á diversidade e á integración da discapacidade, á conciliación do sistema educativo coa vida laboral e familiar, á protección e ao menor impacto medioambiental, á cooperación en favor das persoas máis necesitadas ou en risco de exclusión e un longo etcétera de temas que configurarán un mellor servizo público universitario, porque a universidade, ademais de transmitir e xerar coñecemento, ten a obriga de formar en principios e valores aos seus estudantes e, por extensión, trasladalos á sociedade.

A responsabilidade social universitaria, como a de calquera outra institución, require compromiso, transparencia e rendición de contas e de aí a importancia dunha memoria de responsabilidade social que moito máis alá de limitarse a enumerar os méritos sociais da institución, debe comprometer a asunción de obxectivos e analizar, con autocrítica, a maior ou menor consecución dos logros pretendidos.

Coido que podemos dicir, con sincera satisfacción, que a día de hoxe o compromiso de responsabilidade social é un dos sinais de identidade da Universidade da Coruña. A nosa UDC conta cunha Vicerreitoría de Responsabilidade Social e publica periodicamente a súa Memoria de Responsabilidade Social. A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social converteuse nunha referencia no ámbito da universidade pública e da sociedade española. O seu Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social e o seu ciclo de conferencias “En Código Aberto”, convocan cada curso académico a estudantes e profesionais relevantes que amosan, cos seus proxectos de vida e coa súa actividade profesional actual, que no mundo que vén van ter importancia decisiva o *corporate compliance* ou cumprimento normativo, a cultura ética empresarial, a atención social de empresas e institucións aos especialmente desfavorecidos e a protección e conservación medioambiental. O seu modelo inspirou a creación este ano da Cátedra irmá de Discapacidade e Empregabilidade TEMPE/APSA na Universidade Miguel Hernández de Elche. “Espazo Compartido” é un proxecto pioneiro en España para a formación universitaria e a integración sociolaboral de persoas con discapacidade cognitiva, que a día de hoxe alcanza o seu terceiro ano de existencia. Co apoio do Consello Social, o Grupo de Dereito Público Global da UDC constituíu un seminario permanente sobre diversidade que elaborou unha carta dos dereitos dos estudantes con discapacidade na universidade no marco dun relevante proceso de investigación sobre aspectos xurídico-administrativos sobre a inclusión do alumnado universitario con discapacidade e necesidades especiais. En fin, a UDC e o seu Consello Social organizaron este ano unha xornada sobre retos e tendencias da discapacidade e inclusión no ámbito da universidade-empresa, onde todos aprendemos que na diversidade de miradas hai moito talento por descubrir.

**Antonio Abril Abadín**  
*Presidente do Consello Social da UDC*

1

# QUE SOMOS? COMO SOMOS?



A UDC, unha  
universidade pública,  
moderna e en  
constante evolución.



# 1 A UNIVERSIDADE DA CORUÑA


Desde o inicio da nosa traxectoria, que en 2014 acadou os 25 anos, o traballo que levamos a cabo desde a Universidade da Coruña (UDC) permitiunos establecernos como un elemento clave no desenvolvemento económico, social e cultural do noso ámbito de influencia.

Durante estes anos, a través das nosas actividades docentes, investigadoras e de transferencia de coñecemento, contribuímos no camiño cara a unha Galicia máis moderna e innovadora. Este camiño percorrémolo desde o respecto polos nosos valores e o compromiso que mantemos coa innovación, a sustentabilidade e as necesidades sociais do noso contorno.





## 1.1. UNHA OLLADA AO CURSO 2014 - 2015





## 1.2. MISIÓN, VISIÓN, VALORES E ESTRATEXIA

A nosa folla de ruta para o horizonte 2020 recóllese no **Plan estratéxico da UDC 2013-2020**. Este documento, elaborado grazas á implicación dos órganos colexiados de goberno e os grupos de interese, recolle a nosa obriga de adaptármolos aos cambios que nos rodean e asumirmos os novos retos que afrontamos como sociedade.

Para iso, o plan desenvolve unha serie de obxectivos e liñas de actuación que se agrupan en cinco áreas de traballo:

- Docencia e aprendizaxe
- Investigación, innovación e transferencia
- Responsabilidade social
- Internacionalización
- Financiamento e uso eficiente dos recursos

No ámbito de actuación correspondente á responsabilidade social, desde a UDC asumimos o noso compromiso coa transformación e o desenvolvemento do contorno. Por iso, traballamos para impulsarmos un cambio cultural, contribuíndo

do á formación dunha cidadanía aberta, comprometida, democrática e solidaria, e propoñendo un modelo de universidade aberto e participativo. Seis liñas de actuación desenvolven este obxectivo estratéxico:

- Fortalecer a participación da comunidade universitaria na sociedade.
- Fomentar a participación da cidadanía e institucións na comunidade universitaria.
- Fomentar os hábitos para unha universidade saudable.
- Contribuír á normalización da lingua galega.
- Promover o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións.
- Fomentar as políticas de compra socialmente responsable.

Así mesmo, no marco do proceso de elaboración do plan, definíronse a misión, a visión e os valores da UDC, co obxectivo de establecer o viero e un marco común para a universidade a longo prazo.



## MISIÓN

A Universidade da Coruña ten como finalidade contribuír ao avance cultural, social e económico da sociedade por medio da xeración, xestión e difusión da cultura e do coñecemento científico, tecnolóxico e profesional. A Universidade da Coruña concibe a súa misión como un servizo público, galego e de calidade.

Forma parte da misión da Universidade da Coruña a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática, cooperativa e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

- A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de métodos e coñecementos científicos e artísticos.
- A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.
- A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

## VISIÓN

No horizonte do ano 2020 a Universidade da Coruña aspira a ser:

- Unha universidade que se achegue á sociedade para ser quen de entender as súas necesidades e darlles resposta aos cambios que se produzan no seu contorno.
- Unha universidade que colabore con todos os seus axentes sociais e entidades públicas e privadas para estudar, diagnosticar e achegarlles solucións aos retos formulados pola sociedade.
- Unha universidade que xere canles de participación solidaria e se comprometa co desenvolvemento sustentable e co ambiente mediante a innovación.

Así mesmo, a Universidade da Coruña pretende ser:

- Unha institución docente que ofrezca unha formación axustada ás necesidades presentes e futuras do noso contorno e responda tamén a unha aprendizaxe adaptada ao avance individualizado do estudante mediante o fomento de metodoloxías docentes innovadoras e eficaces na adquisición das habilidades e competencias requiridas polas titulacións.
- Unha institución docente implicada, alén da formación integral das persoas, no desenvolvemento das competencias que melloren

a empregabilidade dos seus estudantes no ámbito local, estatal e internacional.

- Unha universidade que fomenta a creación e o desenvolvemento de redes estatais e internacionais de grupos de investigación básica e aplicada que contribúa ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.
- Unha universidade recoñecida pola transferencia dos seus resultados de investigación mediante iniciativas innovadoras para poñer en valor os servizos técnicos e científicos de que dispón e que ofrece o seu Parque Tecnolóxico.
- Unha universidade que combina a promoción dun coñecemento universal en todas as ramas do saber coa especialización naquelas áreas científicas e tecnolóxicas en que destaca.
- Unha universidade que xestiona os seus recursos con eficacia, eficiencia, equidade e transparencia e que dispón dun sistema de financiamento público suficiente e estable, que se completa coa colaboración do sector privado.
- Unha universidade cunha proxección internacional cada vez maior de todas as súas actividades docentes e investigadoras.
- Unha organización dotada dun sistema de dirección estratéxica que favoreza a consecución dos seus obxectivos mediante a implicación e a colaboración do conxunto da comunidade universitaria.

## VALORES

A Universidade da Coruña, para cumprir os seus propios fins, e como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexerese polos seguintes valores e principios:

- A **igualdade** de oportunidades aplicando os criterios de mérito, capacidade e igualdade e, así mesmo, defendendo o acceso universal á universidade e fomentando unha cultura de non discriminación.
- O **esforzo** das persoas como aspecto clave do progreso e do desenvolvemento individual, como a coordinación de vontades e capacidades persoais orientadas á resolución de problemas, á superación de conflitos e á consecución dos obxectivos colectivos orientados ao interese común.
- A **participación**, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade universitaria no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.
- O **compromiso** e a **responsabilidade social** para contribuír activamente á mellora do sistema socioeconómico do noso contorno e implicarnos na xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.
- O **compromiso con Galicia**, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais, tanto no ámbito artístico como no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.
- O **respeto ao medio** como universidade socialmente responsable, xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando maior eficiencia e eficacia no seu uso.
- A **eficiencia**, como responsables da xestión de recursos públicos, para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.
- A **calidade** como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.
- A **transparencia** como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a verificación adecuada das nosas actuacións.





## 1.3. UNHA UNIVERSIDADE CON VOCACIÓN INTERNACIONAL

Vivimos nun mundo globalizado no cal, para acadarmos niveis óptimos de competitividade, cómpre desenvolvermos conexións internacionais. Así mesmo, dotarmos os futuros profesionais das ferramentas necesarias para desenvolveren as súas carreiras nun contorno internacional, forma parte do noso compromiso cos estudantes.

Neste ámbito, os nosos esforzos céntranse en dar unha oferta académica plurilingüe, en aumentar os estudos e dobres titulacións desenvolvidos en colaboración con países de dentro e fóra do EEES.

A Oficina de Relacións Institucionais (ORI) é o organismo encargado de xestionar as relacións internacionais da universidade e impulsar dentro desta o desenvolvemento de actividades e programas neste ámbito.

### PROMOCIÓN E VISIBILIZACIÓN INTERNACIONAL DA UDC

A internacionalización da UDC esixe estar presentes en feiras, workshops e outros eventos de ámbito e impacto internacional. Entre os eventos internacionais en que estivemos presentes en 2015 destacan: a Feira Europea de Educación Superior que tivo lugar en Xapón en maio de 2015 e a Conferencia anual de Nafsa (Association of International Educators), que se levou a cabo tamén en maio de 2015 en Boston, USA.

En 2015 organizamos a Segunda Semana Internacional **Erasmus Staff Training Week**, unha iniciativa destinada ao persoal de administración e servizos que procede especialmente doutras universidades europeas.

Trátase dunha iniciativa que serve para a promoción da UDC e para compartir boas prácticas no ámbito da xestión internacional, na cal participaron 20 representantes de universidades estranxeiras.

Tamén en 2015 foi asinado un *Memorandum of Agreement* para pasar a formar parte, xunto con outras 42 universidades europeas, do Consorcio Internacional en Tecnoloxías da Información e da Comunicación (ICTNET).

### FORMACIÓN

Durante o curso 2014-2015 implantáronse os primeiros dobres graos internacionais, que afectan ás titulacións de Administración e Dirección de Empresas (ADE), coa Universidade de South Wales e co International College of Management de Sidney; e Informática, tamén con South Wales.

Pola súa banda, o novo Mestrado de Bioloxía Molecular, Celular e Xenética oferta desde o curso 2014-2015 a dobre titulación coa Universidade de Palermo. Este dobre mestrado únese aos xa existentes: Literatura, Cultura e Diversidade (Universidade de Minho); Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural (Universidade de Poitiers); Enxeñaría da Auga (Universidade de Magdeburgo) e Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía (Universidade de París Diderot). Nos próximos anos continuarase a traballar no impulso das dobres titulacións, por exemplo coa Universidade degli Studi dei Verona ou coa Universidade de Guandong.

Tamén fomentamos implantar titulacións con docencia en inglés. Neste ámbito, aprobamos a normativa reguladora da docencia en inglés e, no curso 2014-2015, comezaron os programas neste idioma nas titulacións de Arquitectura, Dereito e Arquitectura Técnica e consolidáronse en ADE, Bioloxía, Química e Enxeñaría Naval.

Tamén en 2015 puxemos en funcionamento o Programa de Apoio Lingüístico á Docencia en Inglés (PALDI), organizado pola Vicerreitoría de Relacións Internacionais e o Departamento de Filoloxía Inglesa, a través do que lles ofrecemos apoio específico e personalizado aos docentes implicados nos programas de inglés das distintas titulacións.

En 2015 realizamos a 2ª edición da **International Summer School** (ISS), unha iniciativa innovadora promovida pola propia UDC que impulsa a internacionalización a través de experiencias académicas internacionais de estudantes e profesores durante o verán.

En 2015 ofertamos 11 cursos de tres semanas en diversas áreas de coñecemento. Estes cursos, dirixidos a estudantes da UDC e estranxeiros, son impartidos en inglés por profesorado de universidades estranxeiras. En 2015 participaron 125 estu-

dantes internacionais, 31 da UDC e 19 profesores estranxeiros.

Como novidade, en 2015 tivo lugar en Iasi (Romanía) unha ISS que contou coa participación de 22 estudantes, 3 deles da UDC. Actualmente traballamos para incorporarmos novas universidades neste programa.

Contamos tamén co **Centro de Linguas**, organismo a través do cal desenvolvemos actividades de ensino non curricular en linguas estranxeiras, así como de difusión do noso patrimonio lingüístico e cultural entre estudantes e profesores estranxeiros.

## MOBILIDADE

Durante o curso 2014-2015 máis de 1000 alumnos, entre entrantes e saíntes, participaron en programas de mobilidade en relación coa UDC. Para iso, convocáronse e resolvéronse Bolsas Erasmus +, NILS e de mobilidade bilateral, Bolsas Erasmus Prácticas, axudas propias á internacionalización do persoal docente e investigador (PDI), convocatorias Erasmus de profesorado e persoal de administración e servizos (PAS), etc.

Así mesmo, ampliamos e renovamos a oferta de convenios do programa Erasmus +, con máis destinos para alumnos e profesores. Durante o curso 2014-2015 asináronse 79 novos convenios Erasmus + e 19 non pertencentes a este programa.


Ademais, participamos noutros programas de mobilidade, como o **Programa Iacobus**, que ten como obxectivo o intercambio entre profesores, investigadores e PAS das institucións de ensino superior da eurrrexión Galicia-Norte de Portugal. Outros exemplos son o intercambio entre a Escola Técnica Superior (ETS) de Arquitectura e o Harbin Institute of Technology (China) ou o intercambio entre esta mesma escola e o ENSA Clermont Ferrand (Francia) e o OTH Regensburg (Alemaña) no marco do citado Programa Iacobus.

No marco da mobilidade para persoal administrativo e de servizos destaca o **Programa Stella**, destinado a institucións que forman parte do Grupo Compostela e que, no curso 2014-2015, supuxo dúas mobilidades saíntes (Universidade de Guadalajara de México e Pontificia Universidade Católica do Perú) e unha entrante (Universidade de Guadalajara de México).


A través do **Programa Erasmus Mundus TEMPO**, que promove o intercambio de coñecemento transeuropeo mediante bolsas de mobilidade para estudantes de grao, mestrado, doutoramento e postdoutorais, producíronse no curso 2014-2015 un total de 26 mobilidades.

Do mesmo xeito que en anos anteriores participamos na convocatoria de bolsas Santander Grao e Fórmula Santander, da Fundación Carolina de doutoramento e posgrao e nas BOLSAS. AR, para profesionais procedentes da Arxentina que cursan un Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía en España, cofinanciando desde a UDC parte das

### Mobilidade de estudantes



### Mobilidade de PDI



entrantes

saíntes



estadías. No caso da Fundación Carolina, proporcionamos aloxamento e mantenza, e nas BOLSAS.AR aboamos as matrículas.

Para os estudantes xa titulados, a FUAC impulsa o proxecto **A Coruña Mobility Experience**, co obxectivo de favorecer a realización de prácticas profesionais en empresas europeas.

Por último, para impulsar a captación de estudantes estranxeiros, asinouse un convenio de colaboración con GEC Consultores para captar estudantes procedentes da China e Vietnam.


## OUTRAS INICIATIVAS

No ámbito das relacións internacionais da UDC destaca o **Programa Tempus RethikE**, financiado pola Unión Europea para axudar no proceso de reforma da educación superior os países que non pertencen ao EEES. O programa apoia proxectos que fomentan a modernización da universidade, a aprendizaxe mutua entre as distintas rexións e o entendemento entre culturas. Desde a UDC participamos no proxecto titulado *Reform of Education THru International Knowledge Exchange* (2014-2016), no cal participan 22 institucións socias lideradas pola Universidade Técnica de Lisboa (Portugal). Así mesmo, asináronse seis convenios de dobre titulación para o Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental coas seguintes universidades:

- Gavar State University (Armenia)
- National Polytechnic University (Armenia)
- Technical University of Moldavia
- Alecu Russo Balti State University (Moldavia)
- Baku State University (Azerbaiján)
- Azerbaijan University of Architecture and Construction (Azerbaiján)

Outra iniciativa destacada vinculada á dimensión internacional da UDC foi a sinatura dun convenio coa University of Nebraska at Kerney (EEUU), para organizar cursos de español destinados a estudantes procedentes desta universidade americana.

## Mobilidade de PAS





## 1.4. UNHA UNIVERSIDADE ADAPTADA ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS

Tanto na formación como na divulgación de coñecemento, e por suposto na xestión, as oportunidades que nos ofrece o avance das tecnoloxías da información permítenos sermos máis eficientes e obtermos uns mellores resultados.

O Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) é o encargado de proporcionarlle á comunidade universitaria unha gran cantidade de servizos TIC, utilizados para mellorar os nosos procesos administrativos, docentes e investigadores.

Entre os principais fitos do curso 2014-2015 neste ámbito, destacan:


- Posta en funcionamento do portal de Investigación, unha web responsive e trilingüe, onde se expoñen publicamente os resultados de investigación e produción científica dos distintos grupos, unidades e investigadores individuais.
- Inicio da aplicación de Axudas ao Estudo para a xestión de bolsas da UDC con cruzamento de datos económicos e académicos.
- Novas versións das aplicacións de Residencia universitaria e Bono-bus universitario con soporte ao Servizo de Bolsas.
- Integración con Espazos.udc.es (titorías) e Directorio.udc.es (disociación de usuario con persoa) para ofrecer información de contacto.
- Actualización da interface de usuario do xestor documental corporativo.
- Posta en funcionamento da Sede electrónica da UDC.
- Adopción do dominio udc.gal.

- Actualización da infraestrutura da rede de telefonía, posibilitando a utilización da telefonía IP tanto en terminais de usuario como para as comunicacións entre as distintas centrais.
- Incorporación do galego á plataforma de correo electrónico.
- Posta en funcionamento do portal do PDI.
- Aplicación de Solicitud Online para as axudas ao aloxamento.
- Soporte para realizar diferentes servizos de videoconferencia e streaming de eventos.
- Implantación da plataforma de administración electrónica.
- Doazón de equipos a varias ONG e entidades colaboradoras.

Contamos cunha presenza moi activa nas redes sociais, con milleiros de contactos que nos seguen a través dos nosos perfís de Facebook, Twitter e Instagram, o que nos permite manter unha relación rápida e achegada con moitos dos nosos grupos de interese.

No contorno dixital destaca tamén o proxecto **Rede Amiga**, unha iniciativa 2.0 do Consello Social en colaboración coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC) dentro do esforzo de ambas as dúas institucións para unha universidade comprometida e innovadora. Trátase dun espazo de comunicación aberto e continuo, no cal todos os amigos da universidade poden, cos seus comentarios e suxestións, axudar á construción dunha UDC mellor.

## INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN



## 1.5. UNHA UNIVERSIDADE CON PRESENZA ALÉN DAS AULAS

No noso compromiso por facilitar o desenvolvemento por parte dos nosos grupos de interese doutro tipo de actividades non sempre relacionadas co ámbito académico e favorecer un ambiente favorable ao estudo, ofrecemos unha serie de actividades de extensión universitaria (fundamentalmente culturais e deportivas), ademais dunha infraestrutura e materiais adecuados para complementarmos o estudo e a investigación fóra das aulas.

### EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

#### CULTURA

Somos un dos elementos dinamizadores principais do noso contorno, especialmente no ámbito cultural, no cal desenvolvemos distintas iniciativas abertas ao público externo á comunidade universitaria.

Entre as diversas iniciativas que durante o curso 2014-2015 se desenvolveron neste ámbito destacan:

- Celebración do 25 **aniversario da UDC**, marco no que levamos a cabo diferentes iniciativas. Entre elas podemos salientar o ciclo de conferencias e a exposición efectuada reflectindo os 25 anos de existencia da institución, a celebración un concerto con ocasión desta efeméride no Auditorio de Ferrol, ou a organización doutras actividades e campionatos deportivos.
- Anualmente, o Consello Social da Universidade da Coruña e a Fundación Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC) convocan un **Certame de Creación Gráfica**. Para o seu desenvolvemento, as entidades organizadoras convidan a novos artistas locais, nacionais e internacionais, alumnos ou antigos alumnos da Fundación CIEC a presentaren unha obra inédita e realizada en calquera técnica gráfica, que estea inspirada nalgún edificio ou monumento que forme parte do patrimonio arquitectónico ou escultórico da Universidade da Coruña. O obxectivo deste proxecto é o de estimular os mozos para contribuíren ao fomento e proxección da actividade artística en Galicia.
- Adhesión á **Rede Española de Universidades Saudables** (REUS), iniciativa que ten como obxectivo reforzar o papel das universidades

como entidades promotoras da saúde e o benestar dos seus estudantes, o seu persoal e da sociedade no seu conxunto, liderando e apoiando procesos de cambio social.

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na sesión do 28 de novembro de 2014, aprobou a adhesión da UDC a esta rede, nunha iniciativa impulsada pola Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social en colaboración coa Facultade de Ciencias da Saúde.

Este compromiso implicou o desenvolvemento dun proxecto de traballo para promover a saúde na cultura universitaria, nas súas políticas institucionais, na estrutura, nos procesos e plans de estudo, así como a identificación das necesidades da comunidade universitaria, nas áreas de traballo e nas estratexias de intervención.

- **NORMAL**, o noso espazo de intervención cultural aberto a todo tipo de iniciativas e no que se enmarcan festivais de teatro, cursos, exposicións, ciclos de cine e outras actividades vinculadas ao ámbito cultural.
- Organización e desenvolvemento de relatorios, **cursos e xornadas** que en moitas ocasións están abertos fóra da comunidade universitaria, o que nos permite achegar o día a día e o coñecemento xerado na universidade ao noso contorno máis próximo.
- Celebración de campamentos destinados aos máis pequenos, como o campamento Mauro Silva, onde os nenos toman parte de actividades deportivas, de hábitos de estudo e de inglés, ou campamentos de verán monográficos, de inglés ou multideportivos, entre outros.

Otras das actividades organizadas pola universidade cara á sociedade durante este período foron a celebración do Día da Universidade ou o nomeamento do profesor estadounidense Michael Apple como doutor honoris causa.

#### CURSOS, XORNADAS E RELATORIOS

A Oficina de Cursos, dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, realiza a coordinación de cursos, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de relatorios. As actividades son organizadas na súa maioría por facultades, escolas, departamentos, grupos de profesores, delegacións de alumnos ou asociacións estudantís, que reciben o apoio da Oficina de Cursos, cando así o solicitan, na coordinación de soli-





citades de axudas, na difusión dos actos mediante a súa páxina web e os envíos masivos de dípticos ou trípticos, na entrega de material institucional da universidade e na emisión e control de diplomas, así como en calquera outro aspecto organizativo en que puidese colaborar.

Destacan as convocatorias de axudas económicas para a realización de xornadas e ciclos de relatorios correspondentes ao primeiro e segundo cuadrimestre do ano, así como a convocatoria de axudas económicas para a realización de cursos de verán que se realizarán entre os meses de xuño e setembro.

As xornadas e ciclos de conferencias subvencionados en 2015 foron os seguintes:

#### **Ciclos de conferencias:**

- Novos enfoques do estudo da lingua, a literatura española e a cultura española
- VI Ciclo de conferencias: Sociedade en movemento, redes sociais e participación cidadá
- XI Ciclo de conferencias: Perspectivas da investigación química actual
- Comunicando a comunicación
- Eppur se muove! Nas marxes: Debates sobre mobilidade humana do capitalismo global (II)
- Proxecto + Investigación 4. A casa: pezas, ensambladuras e estratexias
- Seis miradas de preto. Oitava panorámica da arquitectura construída na proximidade

- XIV Ciclo de conferencias: Ciencia e cultura
- New Trends in English Studies XI

#### **Xornadas:**

- A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade
- X Encontro tecnolóxico empresa-universidade
- II Xornadas tecnoloxía naval e offshore – GNL en buques
- Inserción laboral na enxeñaría
- II Xornadas sobre materiais complexos: Aplicacións de materiais complexos á industria
- III Xornadas sobre investigación urbana: Os territorios da transformación (2º descenso urbanístico desde a ETSAC)
- IV Taller internacional sobre desenvolvemento económico e sustentabilidade social (EDASS)
- IV Xornadas de iniciación ao anillamento científico de aves
- Modernidade e contemporaneidade na arquitectura de Galicia III
- Os territorios dos arquitectos. Novas experiencias profesionais

Así mesmo, desde este organismo colaborouse na celebración de diversos cursos de verán, por exemplo “Oriéntate e planifica o teu futuro”, “Usos do tempo e vida sustentable” ou “Modelado 3D con Siemens NX”, entre moitos outros.

## PUBLICACIÓNS

O Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña (SUP) é o encargado da xestión do catálogo editorial da universidade. En 2015 enriqueceuse con dezanove novas obras, unha reimpresión e doce novos volumes de publicacións periódicas.

Así mesmo, preparou os arquivos PDF e os metadatos para a publicación en acceso aberto dentro do Repositorio Institucional (RUC) de números correspondentes aos anos 2014 e 2015 das revistas da UDC contidas nel, así como dalgúns publicacións colectivas, fundamentalmente actas.

Ao longo de 2015 continuouse coa incorporación das revistas da UDC á aplicación informática Open Journal System, co obxecto de desenvolver o portal de revistas electrónicas da UDC. Desde o SPU xestionouse e asesorouse da incorporación das publicacións periódicas a este sistema, establecendo mecanismos de asesoramento e xestión de incidentes.

Como en anos anteriores, este servizo foi o encargado de distribuír entre as bibliotecas de centros da UDC os libros e revistas recibidos doutras universidades e institucións en concepto de intercambio. Así mesmo, xestionou a cesión de códigos ISBN propios da editorial universitaria a aquelas publicacións de membros da UDC, que os solicitaron e que cumprían as condicións requiridas, e elaborou as correspondentes fichas para o seu rexistro na base de datos do ISBN. Finalmente, prestoulles servizos varios de asesoría en materia editorial a aqueles usuarios que os demandaron.

## Relación de libros e revistas publicados en 2015

### Coedicións

- Emma López Bahut (2015): Jorge Oteiza e o arquitectónico. Da estatua-masa ao espazo urbano (1948-1960). Coedición coa Fundación Museo Jorge Oteiza. Núm. 40.

### Manuais

- Francisco Xabier Louzao Martínez (2015): Historia da arquitectura en Galicia: do Neoclasicismo á autarquía. Núm. 35.
- José María Sáiz Jabardo, Alberto Arce Ceinos e Isabel Lamas Galdo (2015, reimpresión): Transferencia de calor. Núm. 32.

### Serie Cursos\_Congresos\_Simposios

- Salvador Naya Fernández (ed.) (2015): Cátedra Jorge Juan. Ciclo de conferencias, curso 2013-2014. N.º 138.
- Xesús M. Mosquera Carregal (ed.) (2015): Lingua e Universidade. XI Xornadas sobre Lingua e Usos. Núm. 139.
- Luz María Ponte Aba (ed.) (2015): Economía e Dereito penal en Europa: unha comparación entre as experiencias italiana e española. Actas do Congreso Hhispano-italiano de Dereito penal económico (Università degli Studi dei Milano, Milano, 29-30 de maio de 2014). Núm. 140.

### Serie Nova Terra

- Alicia López Carmona (2015): Blueschist-facies Rocks from the Malpica-Tui Complex (NW Iberian Massif). Núm. 47.

### Anexos de Revista de Lexicografía

- Yuko Morimoto (ed.) (2014): Léxico, didáctica e novas tecnoloxías. Núm. 29.
- M.ª Pilar Garcés Gómez (ed.) (2014): Léxico, historia e dicionarios. Núm. 30.
- Bruno Camus Bergareche (ed.) (2014): Morfoloxía e dicionarios. Núm. 31.
- M.ª Pilar Garcés Gómez (ed.) (2014): Lingüística e dicionarios. Núm. 32.
- Mónica Vidal Díez (2015): O Vocabulario Hispano-Latino (1513) de AE. A. De Nebrija: Estudo e edición crítica. Núm. 33.
- José Ramón Carriazo Ruiz (2015): O vocabulario da navegación no Século de Ouro. Núm. 34.

### Monografías da Revista Galega de Filoloxía

- Leticia Eirín García, Xoán López Viñas (eds.) (2014): Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica. N.º 9.
- María Aldina Marques e Xosé Manuel Sánchez Rei (eds.) (2015): Novas perspectivas lingüísticas no espazo galego-português. N.º 10.

### Publicacións institucionais

- Narciso de Gabriel (2015): 25 anos de UDC. A Universidade da Coruña e Ferrol. Núm. 16.




### Publicacións non seriadas

- Marta Bobo Arce (coord.) (2015): V Ciclo de Conferencias de xénero, actividade física e deporte (2013-2014/2014-2015).
- VV.AA. (2015): Procesos habitados. As arquitecturas nas que vive ou outro 90%. Resultados do curso de verán da ETS de Arquitectura da Coruña en setembro de 2014.
- VV.AA. (2015): Proxecto dHábitat- Proxecto dHábitat. Mesas redondas 2013-2014. Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa/Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e da educación formal na comunidade educativa. CD-ROM.
- Emilio Martín Gutiérrez (ed.) (2015): Patrimonio de Betanzos. Estudos para a súa rehabilitación. Universidade da Coruña e Concello de Betanzos.


### Revistas

- AmbientalMente Sustentable: vol. 18, 2014.
- Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña: vol. 18, 2014.
- Boletín Académico da ETSA: vol. 5, 2015.
- Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe: vol. 38, 2015.
- European Journal of Podiatry: vol. 1, núm. 1, 2015.
- Revista de Estudos e Investigación en Psicoloxía e Educación: vol. 1, núm. 2 2014; vol. 2, núms. 1 e 2, 2015; vol. extraordinario, 14 números, 2015.
- Revista Galega de Filoloxía: vol. 15, 2014.
- Revista de Lexicografía: vol. XIX, 2013; vol. XX, 2014.
- ROTUR. Revista de Lecer e Turismo: vols. 8, 9 e 10, 2015.
- Sportis. Scientific Technical Journal of School Sport, Physical Education and Psychomotricity: vol. 1, núms. 1, 2 e 3, 2015.

### Evolución da actividade editorial



### Evolución da actividade de intercambio



## DEPORTE

Desde a universidade e a área de Deportes ofrecémoslle á comunidade universitaria a posibilidade de complementar a súa vida académica ou profesional con diferentes actividades deportivas.

Ao longo do curso 2014-2015 a área de Deportes acadou os 2744 inscritos, pero foron máis de 5000 os usuarios que formaron parte polo menos dalgunha actividade, competición ou formación organizada por esta área.

Dentro do bloque das competicións internas, teñen especial importancia as ligas universitarias, nas cales se inscribiron 128 equipos, o que supón preto de 1400 participantes.

Modalidade	Equipos
Fútbol-7	40
Fútbol sala	64
Baloncesto	24
<b>TOTAL</b>	<b>128</b>

Así mesmo, a área de Deportes deseñou máis de 20 escolas deportivas nas que participaron preto de 300 usuarios.

Desde a Universidade da Coruña organizamos o Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos os días 11 e 12 de marzo na cidade de Ferrol. Neste campionato participaron máis de 300 deportistas das tres universidades galegas en 12 modalidades deportivas, nas cales 110 xogadores e xogadoras representaron a UDC e conseguiron o primeiro posto nas modalidades de fútbol 7, fútbol sala, rugby e voleibol (todos eles en categoría feminina) e balonmán na categoría masculina.

Pola súa banda, o Consello Superior de Deportes organizou un total de 25 **Campionatos de España Universitarios**, nos que a UDC estivo representada por 20 deportistas en 5 modalidades deportivas: atletismo, vela, remo, tenis e hípica.

Na II Semana do Deporte na UDC, que se desenvolveu do 3 ao 7 de novembro de 2014, abrimos as portas gratuitamente a todas as actividades organizadas pola área de Deportes para toda a comunidade universitaria. Nesta semana ofertáronse máis de 30 actividades con máis de 45 grupos de participación.

Como novidade, destaca a creación do bono Mulleres +, que inclúe un conxunto de actividades dirixidas para a mellora da saúde e a calidade de vida das mulleres como son o ioga para mulleres, exercicio e chan pelviano e exercicios hipopresivos. Máis de 50 mulleres participaron nesta nova oferta de exercicio e saúde.

O Premio UDC Deportes 2015 outorgóuselle a Carlos David Prieto López, titulado por esta universidade e adestrador do triatleta Javier Gómez Noya, como exemplo da transferencia de coñecemento entre a universidade e o mundo do deporte e polo seu labor na tecnificación deportiva de alto rendemento no triatlón.

Dentro dos numerosos actos organizados no marco do 25 aniversario da UDC, a área de Deportes sumouse á celebración organizando e participando na organización dos seguintes eventos deportivos:

- Carreira San Xiao UDC25, o 7 de xaneiro en Ferrol e en colaboración co Concello de Ferrol. Máis de 800 atletas percorreron as rúas de Ferrol con saída e chegada no Campus de Esteiro. Neste evento destacou a creación dunha categoría para aqueles que corresen en cadeira de rodas e os que tivesen algunha discapacidade visual.
- Campionato Galego Federado de Orientación UDC25, o 21 de febreiro en Oleiros en colaboración coa Federación Galega de Deportes de Orientación e o Concello de Oleiros, con saída e meta na Facultade de Ciencias do Deporte e Educación Física.
- Campionato de Golf UDC25, o 24 de maio nos campos de golf de Miño e Campomar (Narón), en colaboración co Club UDC Golf.
- Torneo de Ximnasia UDC25, no pavillón de Deportes do campus de Elviña o 30 de maio, en colaboración co Club Ximnasia UDC, con máis de 100 participantes procedentes das comunidades de Cataluña e Castela León, ademais de Galicia.
- Marcha Mountain Bike UDC25, onde algo máis de 200 ciclistas percorreron, o 14 de xuño en colaboración co Concello de Oleiros e o Club Ciclista Abegondo, 42 km e chegaron á meta nas proximidades da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

Nestes eventos deportivos participaron máis de 1500 deportistas que se quixeron sumar aos actos conmemorativos desta reseñable efeméride.




## BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

A biblioteca universitaria da UDC, que lles ofrece aos nosos estudantes postos de estudo ademais dunha gran cantidade de recursos para complementar a súa formación, está estruturada en:

- A biblioteca xeral, situada no edificio Xoana Capdevielle, Campus de Elviña.
- A biblioteca da Casa do Patín, situada no Campus de Esteiro.
- As bibliotecas dos centros.

Desta forma, a través de 17 bibliotecas e os seus 103 empregados que xestionan máis de 14.000 metros cadrados e preto de 3500 postos de lectura, dámoslles servizo anualmente a máis de 25.000 usuarios.

### Evolución do número de usuarios



### Evolución dos indicadores básicos da biblioteca universitaria

	2013	2014	2015
Metros cadrados por usuario	1	1	1
Estudantes por posto de lectura	6	6	1
Incremento de monografías por usuario	1	1	1
Visitas por usuario	43	35	40
Préstamos por usuario	25	25	24
Consultas ao catálogo por usuario	52	57	51
Visitas á web por usuario	12	15	21
Préstamo interbibliotecario por investigador	2	2	2
Gasto en adquisicións por usuario	90	98	90
Gasto en revistas e bases de datos por investigador	532	630	602
Gasto en monografías	31%	24%	17%
Gasto en recursos electrónicos sobre o total	58%	67%	74%



### Uso dos servizos da biblioteca universitaria

	2013	2014	2015
Entradas ás bibliotecas	1.034.356	852.656	926.833
Transaccións de préstamo	599.892	595.676	549.321
Procuras en recursos electrónicos de pagamento/licenza	454.267	415.580	441.338
Consultas textos de recursos electrónicos de pagamento/licenza	334.206	454.394	453.653
Visitas á web	288.719	353.000	480.111
Consultas ao catálogo	1.250.194	1.372.380	1.185.916
Documentos solicitados a centros externos	4.756	5.186	4.356
Documentos subministrados a centros externos	1.278	1.450	2.070
Formación de usuarios: sesións formativas	69	79	68
Formación de usuarios: número de asistentes	3.147	2.997	2.081

## Coleccións e recursos da biblioteca universitaria

	2013	2014	2015
<b>Coleccións</b>			
Monografías (volumes)	823.858	838.802	842.009
Publicacións periódicas en papel (total títulos)	9.128	9.158	9.203
Outros materiais (mapas, microformas, DVD, etc.)	45.159	48.333	48.198
<b>Investimento anual en recursos bibliográficos e documentais</b>			
Monografías	683.871	562.513	356.054
Revistas e bases de datos	1.486.466	1.798.186	1.717.400
Outros materiais	13.357	10.679	4.264
<b>TOTAL</b>	<b>2.183.694</b>	<b>2.371.378</b>	<b>2.077.718</b>
Investimento en recursos electrónicos (parte do total anterior)	1.260.481	1.579.323	1.536.799
<b>Adquisicións anuais: compra e doazóns</b>			
Monografías e outros materiais diferentes de libros	23.994	20.402	14.569
Revistas en papel por compra e doazón (títulos)	1.274	2.000	1.035
<b>Recursos electrónicos accesibles (UDC e BUGalicia)</b>			
Monografías e outros documentos	21.939	25.649	28.987
Revistas subscribas	6.347	7.373	9.278
Revistas en BBDD a texto completo (BUGalicia)	14.248	14.601	14.294
Bases de datos	49	52	58
<b>Recursos electrónicos propios (RUC)</b>			
	9.303	11.241	12.878

Por último, durante o curso 2014-2015 implementamos a través da biblioteca universitaria ferramentas como Fiador, unha base de datos de recursos electrónicos, tanto de pago como gratuítos, especializados na publicación e xestión de guías temáticas nas bibliotecas académicas, que orientan aos usuarios sobre os recursos bibliográficos máis relevantes e os bibliotecarios temáticos.

Así mesmo, puxéronse ao dispor da comunidade universitaria datos de 2014 de diversas ferramentas que miden o impacto que teñen as publicacións, valéndose do estudo do número ou calidade de citas:

- JCR (Journal Citation Reports)
- SNIP (Source Normalized Impact per Paper)
- SJR (SCImago Journal Rank)
- IPP (The Impact per Publication)



# 2

## OS NÓSOS GRUPOS DE INTERESE



A UDC, unha  
universidade  
integrada no seu  
contorno  
institucional.





# 1 OS NÓSOS GRUPOS DE INTERESE

## 1.1. O DIÁLOGO COS GRUPOS DE INTERESE

Esforzámonos en ser unha universidade aberta, tanto ao diálogo como ao desenvolvemento de proxectos de colaboración con outros axentes. Só desta forma conseguiremos implantar no noso contorno unha cultura real de innovación.


Somos unha institución que escoita os seus grupos de interese como elemento clave na toma de decisións estratéxicas, xa sexa a través dos organismos designados para este fin, como o Consello Social, órgano de participación da sociedade na universidade, no que están representados os distintos axentes públicos e privados que forman parte do noso contorno, como a través de mecanismos máis específicos, como poden ser as enquisas de avaliación que periodicamente realizan os nosos estudantes.

## 1.2. OS ASUNTOS MATERIAIS NO NOSO DESEMPEÑO

Para coñecermos as cuestións máis relevantes para os nosos grupos de interese, desenvolvemos un estudo de materialidade que nos permite definir os contidos nos procesos de reporte (como esta memoria) e axudaranos na nosa toma de decisións estratéxicas.

Nel, identificamos os asuntos máis relevantes para os nosos grupos de interese baseándonos nas conclusións principais da relación que mantemos con estes e as recomendacións de guías con contido específico para o sector educación, como o *Education Services do Sustainability Topics da Global Reporting Initiative (GRI)*.

Para definir que asuntos son realmente relevantes dámoslles prioridade baseándonos na súa influencia sobre os nosos grupos de interese e a importancia dos impactos que ocasionan en función da capacidade da UDC para darlles resposta, tal e como se mostra na seguinte matriz:



### ASUNTOS MATERIAIS

**A-** Acceso e calidade da educación

**B-** Respecto polo medio

**C-** Bo goberno, transparencia e responsabilidade na xestión

**D-** Desenvolvemento social e relacións co contorno

**E-** Formación, promoción e calidade no emprego

**F-** Investigación, innovación e transferencia de coñecemento

**G-** Igualdade, inclusión e non discriminación




## 2 OS ESTUDANTES

Os estudantes son a razón de ser desta institución e, por tanto, o grupo de interese máis relevante. O noso obxectivo, como toda institución de educación superior, é formar mediante o ensino de calidade futuros profesionais con altas capacidades, así como persoas comprometidas co seu contorno, con espírito crítico e dedicación social. Ademais, centrámonos en mellorar as súas habilidades e competencias, estimulando o seu potencial para asegurármolles así unha rápida inserción laboral.

Nos seguintes gráficos preséntase a evolución do número de estudantes nos últimos cursos e a súa desagregación por xénero. Podemos destacar que cada vez máis alumnado elixe a nosa universidade para cursar estudos de mestrado, doutoramento, así como títulos propios.

### Alumnado de grao e de titulacións non adaptadas ao EEES no curso 2014-2015



### Evolución do número de estudantes

	2012 2013	2013 2014	2014 2015
Estudantes de grao e de titulacións non adaptadas ao EEES	19.084	18.031	16.797
Alumnado de novo ingreso en grao e titulacións non adaptadas ao EEES	3.386	3.752	3.342
Estudantes en mestrados oficiais	1.099	1.365	1.372
Alumnado de novo ingreso en mestrados oficiais	814	953	921
Estudantes de doutoramentos	1.363	1.430	1.437
Estudantes en títulos propios	575	510	587




## 2.1. OFERTA ACADÉMICA

Na Universidade da Coruña contamos cunha oferta académica moderna e adaptada á evolución social que se estrutura en cinco categorías:




Trátase dunha oferta completa e variada, que ofrece posibilidades de desenvolvemento en distintas áreas de coñecemento.

### Evolución da oferta académica da UDC



### Desagregación dos graos e titulacións non adaptadas ao EEES por área científica



UNHA  
UNIVERSIDADE  
COMPROMETIDA  
COA ENSEINANZA  
DE CALIDADE

## 2.2. IMPULSO NO DESENVOLVEMENTO ACADÉMICO, PERSOAL E PROFESIONAL DOS NÓSOS ESTUDANTES

### ORIENTACIÓN E FORMACIÓN

Ademais da nosa oferta académica, desde a UDC ofrecemos unha variedade de servizos que complementan o desenvolvemento académico dos nosos estudantes. A través de programas de asesoramento a futuros estudantes, xornadas de formación e a posta en funcionamento do servizo de bolsas, buscamos abordar as distintas necesidades e satisfacer os requirimentos para un ensino regrado de calidade.

Dentro dos servizos ofrecidos destacamos:

- O Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) permite achegar o campus e a súa divulgación a futuros estudantes universitarios mediante xornadas de orientación académica, relatorios de divulgación científica ou visitas personalizadas a facultades, entre outras actividades. Entre setembro e decembro de 2014 celebráronse dúas charlas de divulgación científica, impartidas por M<sup>a</sup> Begoña Crespo García unha delas e por Juan Casto Rivadulla Fernández a outra. Ademais, participamos en UNITOUR, feira itinerante na cal colaboramos máis de 30 universidades e centros, cuxa finalidade é orientar os futuros estudantes na súa elección de universidade.
- En todas as nosas facultades e centros contamos cos plans de acción tutorial (PAT), adaptados á realidade do seu profesorado e estudantado. A súa implementación leva unha importante repercusión na formación do estudantado.
- Desde a FUAC colaboramos no desenvolvemento de programas iniciativa da UDC a través de actividades dirixidas á formación continua. En 2015 colaborou cun total de 38 programas formativos dirixidos polo persoal docente e investigador da UDC, que contaron coa participación de 2596 estudantes e titulados.

### Charlas celebradas en 2015

NOME	Nº DE CHARLAS
Juan Casto Rivadulla Fernández	3
Jaime Fagúndez Gómez	1
Ricardo Cao Abad	2
Victor Barrientos Rodriguez	1
José Antonio López Rey	1
Óscar Pedrós Fernández	2
Moisés Canle López	1
Fernando de Llano Paz	1
Jesús Miguel Muñoz Cantero	1
Neves Arza Arza	1
Eva María Espiñeira Bellón	1
Nuria Rebollo Quintela	1
Manuel Fondevila Marón	1
Maria Cristina Perez Crego	1
Luisa Losada Puente	1
Socorro Castro Garcia	1
<b>TOTAL</b>	<b>20</b>

## BOLSAS

Contamos cun programa de axudas propio dirixido aos estudantes, chegando máis alá dos programas nacionais e rexionais. Promovemos así o acceso á educación superior, independentemente dos recursos económicos ou posibles discapacidades, favorecendo o cumprimento do noso compromiso coa sociedade. Este servizo desempeña a Sección de Bolsas e o SAPE, que son os responsables da xestión e coordinación das bolsas ante os organismos públicos competentes, axudando a reforzar a política de axudas da UDC e ampliando as fontes de financiamento.

Mantemos un espazo específico de bolsas para a colaboración nos distintos departamentos da UDC. Ademais, contamos coas bolsas de formación complementaria que lles permiten desempeñar aos nosos alumnos accións complementarias que apoiem a súa formación: aulas net, laboratorios, tarefas bibliográficas. Tamén apoiamos a mobilidade con axudas ao transporte metropolitano e o aloxamento en residencias concertadas. Ademais, é salientable o programa específico de bolsas de mestrados oficiais UDC-Banco Santander.

### Evolución do número e da contía das bolsas propias da UDC

	2013 2014	2013 2014 (€)	2014 2015	2014 2015 (€)
Colaboración en departamentos	86	123.840	86	122.430
Colaboración en tarefas bibliográficas	42	21.600	6	13.500
Colaboración para formación complementaria	94	304.560	108	278.623
<b>TOTAL</b>	<b>200</b>	<b>450.000</b>	<b>200</b>	<b>414.553</b>

### Bolsas da UDC en situacións de dificultade económica

	Total
Tramitadas	55
Concedidas	28
Denegadas	27

### Axudas para residencias concertadas en 2014-2015

	A Coruña	Ferrol	Total
Concedidas	72	20	92
Denegadas	84	13	97
Renuncias	0	15	15
<b>TOTAL TRAMITADAS</b>	<b>156</b>	<b>48</b>	<b>204</b>

### Evolución das axudas ao transporte metropolitano

	2013-2014	2014-2015
Concedidas	2.304	2.304
Denegadas	611	992
<b>TOTAL TRAMITADAS</b>	<b>2.915</b>	<b>3.296</b>

## PREMIOS

Desenvolvemos un programa de premios que ten como finalidade recoñecer o esforzo e galardoar o alumnado que destaca por unha traxectoria excelente desde o bacharelato ata a fin da súa carreira na UDC. Durante o curso 2014-2015, 49 foron os alumnos galardoados con Premios Extraordinarios Fin de Carreira.

### Evolución dos Premios UDC á Excelencia no Bacharelato

	2012 2013	2013 2014	2014 2015
Premios concedidos	20	24	25
Importe/ euros	15.380	18.456	19.225

## ACCESO AO MERCADO LABORAL E EMPRENDIMENTO

Parte do noso éxito depende da incorporación ao mercado laboral do noso alumnado. Por iso estamos comprometidos coa construción dun modelo de ensino-aprendizaxe baseado na transmisión de competencias profesionais, indispensables para lograr o pleno desenvolvemento profesional e persoal.

Apostamos pola **formación en competencias profesionais** que leva a cabo o Observatorio Ocupacional da Universidade da Coruña co obxectivo de promover a reflexión arredor da adecuación da formación en competencias que reciben os titulados da UDC respecto das necesidades do mercado laboral e da sociedade.

O desenvolvemento do **Plan de Apoio á Aprendizaxe (PAA)** está centrado en completar a formación dos estudantes mediante competencias transversais que melloren a súa preparación tanto académica como para o seu futuro profesional. Esta iniciativa xestionase desde a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente xunto co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE).

A **Escola de Emprendedores Edición Campus do Mar** é un programa de formación para o fomento da cultura emprendedora. Dirixido a estudantes e mozos titulados universitarios, o seu obxectivo

é facilitar os coñecementos teóricos e prácticos para iniciar un proxecto empresarial baseado no aproveitamento sustentable dos recursos mariños e marítimos. Esta iniciativa está organizada de forma conxunta polo Consello Social da Universidade da Coruña, o Campus de Excelencia Internacional - Campus do Mar e a Fundación Universidade da Coruña. Ademais colaboran a Asociación Galega da Empresa Familiar e a Fundación Ronsel.

Desenvolvemos tamén o **Programa de Desenvolvemento da Intelixencia Emocional: Aula Happiness at Work**. Esta iniciativa, organizada conxuntamente polo Consello Social e a FUAC, ten como obxectivo fundamental fomentar o dominio de coñecementos, técnicas, habilidades, valores e comportamentos útiles para mellorar capacidades cun impacto directo sobre o éxito laboral e académico.

Por outra banda, o **Programa Laboralia**, tamén organizado polo Consello Social e a FUAC, comparte o obxectivo común de mellorar a empregabilidade dos nosos estudantes, dándolles a coñecer as dinámicas e estratexias para o seu éxito no mercado laboral. Trátase dun dos foros universidade-empresa-terceiro sector máis relevantes promovidos pola UDC.

A FUAC desenvolve tamén o programa **Uninsert**, un plan integral de emprego que se dirixe a titulados universitarios en situación de desemprego.

Así mesmo, desde a FUAC promóvense e xestionanse catro programas de formación empresarial, tanto en entidades públicas coma privadas, dirixidos a estudantes e titulados universitarios e de formación profesional. Grazas aos programas realizados durante 2015, xestionáronse 1367 bolsas en 612 empresas, principalmente no ámbito autonómico de Galicia, así como 12 bolsas no ámbito europeo. Desde a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria xestionáronse as convocatorias de Bolsas Santander CRUE CEPYME de prácticas en empresas e o programa de emprendemento YUZZ, unha iniciativa coordinada polo Centro Internacional Santander de Emprendemento (CISE) coa participación de numerosas institucións públicas e privadas. Este proxecto está orientado á promoción de xente nova (entre 18 e 31 anos) para que desenvolvan proxectos de empresa innovadores co asesoramento de expertos profesionais de prestixio.



# 3 O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

O persoal docente e investigador (PDI), composto por docentes universitarios e persoal contratado, desenvolve como tarefas principais labores docentes e investigadores, titorías e asistencia aos estudantes e de atención ás necesidades na xestión dos centros e departamentos.


Contan cun programa de acción social que recolle os procedementos de defensa en caso de acoso ou actitudes sexistas, recoñece o dereito de excedencia, establece o marco para as xubilacións e xestión a prevención de riscos laborais.

No ámbito do fomento da conciliación da vida familiar e laboral, destaca o impulso da Escola Infantil, creada en 2001, situada en Elviña e que ofrece anualmente 13 prazas para nenos no tramo de idade de 4 meses a 1 ano e 48 para o grupo de 1 a 3 anos. Como non dispoñemos de escola en Ferrol, anualmente outórganse axudas para aqueles que envíen os seus fillos a escolas infantís de Ferrol ou da comarca (14 outorgadas en 2014 e 11 en 2015).


## Evolución do PDI permanente doutor por categoría

	2013	2014	2015
Catedráticos/as de E.U.	41	41	39
Catedráticos/as da Universidade	140	137	136
Titulares de E.U.	148	141	134
Titulares da Universidade	412	408	410
<b>TOTAL</b>	<b>741</b>	<b>727</b>	<b>719</b>

## Evolución do PDI



## Persoal docente e investigador en equivalencia a tempo completo (ETC) en 2015







### 3.1. CALIDADE NA DOCENCIA

No noso compromiso por ofrecermos unha docencia de calidade, traballamos para a implantación de procesos que permitan a avaliación e a mellora dos nosos procesos, ofrecéndolles aos nosos docentes as ferramentas adecuadas para iso.

A través da Unidade Técnica de Calidade (UTC) xestionamos os proxectos calidade, avaliación, certificación e acreditación e coordinamos o sistema de suxestións da UDC a través do que recibimos preguntas, suxestións, queixas e felicitacións. Xestionáronse 450 observacións en 2015.

Participamos na quinta convocatoria do **Programa Docencia** para a avaliación docente do profesorado, no que participaron 228 profesores, dos cales 16 non finalizaron o proceso de avaliación, 193 obtiveron un resultado positivo e 12 o Certificado de Excelencia.

No ámbito da formación, o CUFIE é o organismo encargado da formación do profesorado, o asesoramento a profesorado ou o apoio á innovación educativa entre outras funcións.

No traballo desenvolvido polo CUFIE neste ámbito podemos destacar:

- Iniciativas de innovación educativa, achegando información e recursos para empregar metodoloxías e estratexias didácticas innovadoras e prestando apoio e asesoramento para a posta en funcionamento de iniciativas e experiencias renovadoras e innovadoras.
- A formación para mellorar a docencia, tanto para novos profesionais a través do Plano de formación inicial (PFI), como do profesorado que manifesta as súas propias necesidades e require responder aos novos retos da formación a través do Plano de apoio ao ensino (PAE). Ambos os dous planos son xestionados pola Unidade de Formación e Asesoramento (UFA).

### 3.2. INVESTIGACIÓN ÉTICA E DE CALIDADE

Desde a UDC traballamos para dotar os nosos investigadores das mellores condicións para o desempeño do seu traballo.

A través do Plano de apoio ao doutoramento e a investigación (PAI) dotamos da formación transversal necesaria a aqueles estudantes que participan en programas de doutoramento. Desta forma, poderán afrontar nas mellores condicións posibles os retos que inclúe o novo contexto do EEES.

Contamos tamén con Servizos de Apoio á Investigación (SAI), que están compostos por un conxunto de servizos especializados capaces de prestar apoio á investigación científica, técnica e humanística. Desta forma achegamos unha dotación instrumental, técnica e humana para satisfacer aquelas necesidades que superan a capacidade dun centro, departamento ou institutos universitarios.

Conxuntamente co Concello de Ferrol e coa xestión da Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social, anualmente, convócanse dous premios de investigación. Os premiados en 2014 e 2015 foron:

#### ANO 2014

##### IX Premio de Investigación “Concepción Arenal” da Área de Humanidades

Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa

Investigador principal: Manuel Ferreiro Fernández

##### IX Premio de Investigación “González LLanos” da Área de Enxeñería Naval

Metodoloxía para a avaliación económica de parques eólicos offshore flotantes: aplicación a Galicia

Investigadora principal: Laura Castro Santos

**ANO 2015****IX Premio de Investigación “Antonio Usero” da Área de Ciencias da Saúde**

Prototipado de scaffolds nanoestructurados para rexeneración ósea

Investigador principal: Carlos Alberto García González

**IX Premio de Investigación “Enxeñeiro Comerma” da Área de Enxeñería Industrial**

Novos sensores sen contacto baseados en metamateriais electromagnéticos para o control da orientación de satélites

Investigador principal: Juan Fernando Martín Antolín

O Comité de Ética, pola súa banda, informa sobre o cumprimento dos principios éticos e do cumprimento xurídico nos proxectos de investigación que o requiran.

**PARQUE TECNOLÓXICO**

A medio camiño entre a investigación e a transferencia de coñecemento, a través do Parque Tecnolóxico contribuímos ao progreso e á innovación, tratando de convertelo no centro de I+D+i das empresas. Conta con distintos centros de investigación:

**Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)**, que nace co obxectivo de mellorar a investigación e o estudo no ámbito da construción na súa vertente de edificación e de enxeñaría civil, sempre desde a óptica da análise experimental.

Durante o curso 2014-2015 desenvolveu diversas actividades, entre as que destaca o proxecto Biovalvo, que propón un modelo de construción empregando cunchas de bivalvos. Así mesmo, investíronse 334 000 euros na melhora da súa dársena, con capacidade para realizar ensaios baixo a acción da ondada, en portos, costas, rías, esteiros e formas litorais.

**Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)**, un centro de investigación situado no Campus de Ferrol que conta con cinco laboratorios, onde se investigan aspectos de mecánica de fluídos, polímeros, aplicacións industriais do láser, química e combustibles. Actualmente, atópase inmerso nun proceso de ampliación.

**Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC)**, que supón o punto de encontro entre a universidade e a empresa, nel combínanse departamentos de

I+D de empresas do sector TIC con investigadores procedentes do ámbito universitario. Desta forma conséguese un contorno mixto que posibilita a colaboración e a transferencia de coñecemento.

En 2014 e 2015 desenvolveu proxectos destacados, que garanten o avance e a excelencia na investigación e na transferencia de coñecemento. Entre eles, podemos destacar: ToVIAS, VGLiDAR, Beholder, LocYu Parking, SmartSocket ou Syntheractive, entre outros. Ademais viu como unha das súas *spin-off*, Torus, se situaba entre as sete start-up máis innovadoras do mundo na cuarta edición do SmartCamp organizado por IBM.

**Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)**, que acolle distintos grupos de investigación pertencentes a diferentes facultades e escolas que dirixen a súa investigación cara ao medio e os recursos naturais e, en xeral, á Química e a Bioloxía.

Entre os fitos máis destacados durante o curso 2014-2015 podemos citar o descubrimento de investigadores do CICA, en colaboración coa Universidade de California e o Josephine Ford Cancer Center de Detroit, dun novo composto antitumoral de orixe mariña, o *thelepamide*, un composto citotóxico contra células tumorales de leucemia.

**INSTITUTOS E INSTITUTOS TECNOLÓXICOS**

Co obxectivo de reforzar a nosa actividade investigadora, contamos cunha serie de institutos especializados en distintos ámbitos:

- Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC)
- Instituto Universitario de Ciencias da Saúde
- Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga
- Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin
- Instituto Universitario de Estudos Marítimos
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal
- Instituto Universitario de Medio Ambiente
- Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI)



# ADMINISTRACIÓN

Atención al público de 8:30 a 14:30 horas




# 4 PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

O colectivo do persoal de administración e servizos (PAS) está formado polo persoal funcionario e laboral, que desenvolve actividades de apoio, asistencia e asesoramento, así como de xestión e administración. Desta forma, do PAS depende en gran medida o funcionamento adecuado da universidade.


O PAS está formado polos funcionarios das escalas propias da universidade e polo persoal laboral contratado, así como polo persoal funcionario pertencente aos corpos ou escalas doutras administracións públicas que presten servizo na UDC.

En 2015, o PAS estaba formado por 765 persoas, cun 63% de mulleres.

## Evolución PAS




## PAS funcionario por grupo e xénero





### PAS laboral por grupo e xénero




O PAS conta cun programa específico de formación, desenvolvido co fin de satisfacer as súas necesidades de formación e impulsar as súas capacidades profesionais.

Contan, do mesmo xeito que o PDI, cun programa de acción social que recolle os procedementos


de defensa en caso de acoso ou actitudes sexistas, recoñece o dereito de excedencia, establece o marco para as xubilacións e xestiona a prevención de riscos laborais. Así mesmo, a oferta de beneficios sociais ofrecida ao PAS focalízase en aspectos como as matrículas gratuítas ou o uso das instalacións da propia UDC, entre outras.



Evolución do número de accións formativas



PAS participante en accións formativas



DO MESMO XEITO QUE O PDI, NO ÁMBITO DA CONCILIACIÓN, TEN Á SÚA DISPOSICIÓN A ESCOLA INFANTIL.





# 5 AS EMPRESAS

Desde a UDC prestámoslle especial atención á nosa relación co tecido produtivo, un elemento clave para incrementar a nosa capacidade de desenvolver riqueza e desenvolvemento no contorno.

O papel das empresas na vida universitaria ten unha dobre vertente. Por unha banda, supoñen un dos ámbitos principais en que os estudantes poderán poñer en práctica os seus coñecementos e complementar a súa formación. Por outra banda, supoñen un motor para o impulso da investigación, o desenvolvemento e a innovación.

## 5.1. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

A nosa actividade investigadora xera coñecementos científicos e tecnolóxicos que lle permiten ao tecido empresarial resolver problemas organizativos e produtivos, xerar novas solucións, impulsar o seu desenvolvemento e mellorar a súa produtividade.

A Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), xunto cos xa citados Servizo de Apoio á Investigación, CITEEC, CITIC e CIT, exercen unha función fundamental nesta tarefa.

A OTRI naceu en 1991 co obxectivo de favorecer as relacións entre a universidade e as empresas, promovendo a transferencia da oferta científico-técnica universitaria ao sector produtivo.

Para iso, desenvolve un labor baseado na identificación de resultados transferibles xerados por investigadores e necesidades potenciais de I+D das empresas e no asesoramento a ambos os dous axentes.

Ao longo do ano, a OTRI organiza numerosos cursos e seminarios no ámbito da transferencia de coñecemento e o emprendemento e dálles visi-

bilidade a distintas convocatorias e iniciativas nacionais e internacionais neste ámbito.

Outra das súas funcións é a de canalizar a xeración das estruturas adecuadas de protección de resultados de investigación, en forma de patentes ou outros títulos de propiedade industrial e intelectual para o persoal da universidade. Ao longo de 2015, a OTRI xestionou a tramitación de 24 solicitudes de novas patentes nacionais, 1 patente europea; 1 extensión internacional PCT e 9 rexistros de software. Así mesmo, a UDC obtivo a concesión de 10 patentes nacionais na Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM).

Coa misión de apoiar a investigación na UDC, desde a FUAC, e cunha estreita colaboración coa OTRI, facilitáanse acordos de cooperación científico-tecnolóxica con empresas. Durante 2015 estes acordos materializáronse en 126 proxectos de investigación en tres tipoloxías: asistencia técnica, I+D e convenios e acordos.

## 5.2. DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE COLABORACIÓN ENTRE UNIVERSIDADE E EMPRESAS

Desde a UDC e os nosos organismos tamén promovemos o desenvolvemento de proxectos de colaboración entre a universidade e empresas do noso contorno. Desta colaboración nacen proxectos que impulsan o desenvolvemento e a competitividade do contorno, e complementan a actividade docente da universidade achegándoa á sociedade e ás empresas.

A continuación móstranse algunhas das iniciativas e proxectos de colaboración entre a UDC e as empresas máis salientables:

## CÁTEDRA INDITEX-UDC DE RESPONSABILIDADE SOCIAL

Co apoio e a coordinación do Consello Social, a Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social nace como espazo de reflexión comunitaria, formación académica e investigación aplicada sobre as distintas dimensións da responsabilidade social das administracións públicas, as universidades, as empresas e as entidades non lucrativas.

Entre as iniciativas promovidas pola cátedra destacan:

- O **Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social**, que comezou en 2011 e está destinado a proporcionar unha formación especializada e, especificamente, a transmitir os coñecementos teóricos e competencias prácticas que lles permitan aos participantes mellorar a súa especialización profesional ou desenvolver unha carreira nestes campos.
- Ciclo de conferencias **“En Código Aberto”**. Paralelamente co curso, cada ano realízase este ciclo que en 2015 contou cos seguintes relatorios:
  - Daniel Villanueva, director xeral da Fundación Entreculturas. “Empresa e corresponsabilidade das fronteiras”.
  - Sebastián Royo Medina, catedrático de Ciencia Política no Departamento de Goberno e vicerreitor da Suffolk University. “Crise económica e crise institucional. Que aprendemos?”.
  - Peter McAllister, director de Ethical Trading Initiative (ETI). “Responsabilidade social no corazón dunha estratexia sustentable”.

## CONVENIO CON NAVANTIA

Sinatura dun convenio de colaboración con Navantia para posibilitar que os estudantes de todas as titulacións poidan realizar prácticas con valor académico dentro dos seus planos de estudo, así como prácticas extracurriculares, no marco dos programas de cooperación educativa promovidos por Navantia. A través desta iniciativa búscase facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación universitaria e as súas posibles saídas profesionais.

## FIRST LEGO® LEAGUE INTERNACIONAL

O 12 de novembro de 2014 asinamos un convenio coa Fundación Scientia para o desenvolvemento do torneo FIRST LEGO® League.

O obxectivo deste programa é desvelarlles aos nenos a diversión e a emoción da ciencia e a tecnoloxía, co fin de desenvolveren as súas habilidades no traballo en equipo e estimularen o uso da creatividade para resolveren problemas, obxectivo que, no fondo, subxace nos estudos de enxeñaría. Este obxectivo é abordado no marco dunha competición, na que, en realidade, se trata de que todos se sintan como gañadores, que utiliza como gancho a robótica, pero que trata de fomentar a capacidade de buscar solucións innovadoras a problemas identificados pola propia xuventude nun ambiente onde prima unha serie de valores transversais como son o traballo en equipo, a innovación e a creatividade.

A realización destas actividades é unha gran oportunidade para difundir entre a mocidade as titulacións dos graos de Enxeñaría Informática e enxeñarías industriais que se imparten nos centros involucrados neste programa e que ofertamos desde a UDC.

## WORKSHOP DA AULA REPSOL UDC

Esta iniciativa enmarcada na Aula Repsol, que promovemos xunto coa Fundación Repsol, permitiu que 72 investigadores mostrasen a súa actividade de innovación e desenvolvemento no sector económico galego.

Esta aula, que foi creada no ano 2014, ten como finalidade promover a cooperación e a colaboración entre a universidade e a empresa para unha aplicación práctica do coñecemento en beneficio da sociedade.

Tamén desde o propio Consello Social impúlsase outro tipo de alianzas con empresas e asociacións para o desenvolvemento de proxectos, por exemplo o convenio de colaboración con Inditex para a internacionalización dos estudos de doutoramento; o convenio de colaboración entre a propia UDC, a Fundación Universia e o Banco Santander para a execución e consolidación do programa Espazo Compartido; o convenio de colaboración entre o Consello Social, a Universidade da Coruña, a Asociación Galega da Empresa Familiar e a Fundación Universidade da Coruña, para o fomento do emprendemento e a formación en competencias no ámbito universitario; ou o convenio asinado con Santiago Mediano Avogados para a promoción de accións conxuntas orientadas á



mellora da estratexia de protección xurídica, xestión e explotación dos activos intanxibles xerados pola nosa actividade investigadora.

Na relación co tecido empresarial, cómpre destacar tamén a celebración en abril de 2015 da Comisión Universidade-Empresa da Cámara de Comercio de España, presidida por Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC, e que se crea co obxectivo de cooperar e xuntar esforzos para o necesario fortalecemento da relación entre a universidade e a empresa. Esta comisión está formada por representantes de empresas, de institucións públicas e de universidades.

Ademais destes proxectos concretos, cada ano lévanse a cabo xornadas e seminarios que teñen como obxectivo a difusión do coñecemento xerado pola universidade entre as empresas.

### 5.3. FOMENTO DO EMPRENDEMENTO

No ámbito da relación que mantemos co tecido empresarial, é mester salientar o noso compromiso co fomento do emprendemento entre estudantes e titulados. Neste ámbito ofrecemos formación en habilidades vinculadas ao emprendemento e incentivamos a súa participación en proxectos.

#### EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA

A creación dunha empresa de base tecnolóxica de iniciativa universitaria, ou *spin-off*, afiánzase como un mecanismo de transferencia do coñecemento xerado polos nosos grupos de investigación e o resto da comunidade universitaria para a sociedade. Este tipo de iniciativas outórganos un papel máis dinámico e activo no funcionamento do sistema de innovación.

Co impulso da OTRI desenvolvemos o *Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da UDC*. A través deste regulamento artículase a creación e a posibilidade de participación, en empresas baseadas en coñecemento e resultados de investigación.

En 2014 aprobáronse e recoñeceron como empresas de base tecnolóxica participadas pola UDC as empresas *Health in Code* e *Servizos e Recursos Xerontolóxicos, SL*.

En 2015 aprobáronse e recoñeceron como empresas de base tecnolóxica participadas pola UDC; *Centro de Estimulación Cerebral de Galicia, SL*, *Nerxus Quality Solutions, SL* e *Terravanza, Gabinete de Estudos Territoriais Avanzados, SL*.

#### VIVEIRO DE EMPRESAS

Un dos nosos obxectivos prioritarios é o desenvolvemento profesional dos membros da súa comunidade universitaria. fronte ao cumprimento deste, apoiamos os emprendedores poñendo á súa disposición o Viveiro de Empresas, un espazo que busca fomentar e estender a cultura emprendedora, e facer realidade a creación e consolidación de iniciativas innovadoras.

Poden acceder ao Viveiro todos aqueles membros da comunidade universitaria con proxectos empresariais ou empresas de recente constitución, que desenvolvan unha actividade innovadora, científica e/ou técnica.

En novembro de 2014 accederon ao Viveiro de empresas as iniciativas Versabotics Technologies (inicialmente co nome de Abantal) e EMAPIC, e, en abril de 2015, incorporáronse VACMatch e Pilgrim Global Solutions.

Outra das iniciativas neste ámbito é a transformación da cafetería do Campus de Esteiro nun viveiro de empresas do sector da hostalería para favorecer o emprendemento e a creación de emprego, a través dunha iniciativa promovida pola Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Especial relevancia tivo a participación de catro estudantes da Escola Universitaria de Deseño Industrial do Campus de Ferrol en concurso internacional Drons for Good, no que conseguiron o cuarto posto co seu prototipo Dronlife para o transporte de órganos para transplantes.





# 6 CONTORNO E CIDADANÍA

Desde a UDC entendemos a universidade como un axente máis da sociedade da que forma parte e que ha de interactuar e abrirse permanentemente a esta, así como apoiala na consecución dos seus retos e obxectivos.

## 6.1. RELACIÓNS COA SOCIEDADE

No noso compromiso de mantermos unha relación activa e aberta co noso contorno, é mes-ter mantermos vías de comunicación constantes con organismos e institucións do noso ámbito.

Desta forma, desde os diferentes organismos que conforman a UDC, especialmente desde a Reitoría, realizamos este labor institucional que nos mantén en contacto coas necesidades e expectativas da sociedade e que pode cristalizar en desenvolver proxectos de colaboración plasmados a través de convenios.

O Consello Social, como órgano de representación da sociedade, desempeña unha misión fundamental na relación con outros organismos públicos e institucións, principalmente, a través da figura do seu presidente. Durante o curso 2014-2015, podemos poñer como exemplo deste labor o seu encontro co delegado do goberno en Galicia, no que o presidente do Consello Social presentou as áreas de traballo do Consello e se trazaron liñas futuras de colaboración entre ambas as dúas institucións.

## ADMINISTRACIÓNS E OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS

Como institución pública de educación superior do Sistema Universitario de Galicia (SUG), mantemos boa relación con outras universidades e institucións educativas e de investigación, así como cos organismos nacionais e autonómicos con competencia en educación.

Como axente clave no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, colaboramos con todos os organismos públicos que axudan a vertebrar o territorio e a promover o seu desenvolvemento socioeconómico. Froito desta política activa de cooperación, mantemos acordos estables de colaboración ou convenios puntuais de colaboración con distintas administracións. Exemplos diso son os asinados cos concellos en que dispoñemos de instalacións, como son os da Coruña, Ferrol, Oleiros ou Narón, a Deputación Provincial da Coruña ou o Ministerio de Defensa.

Entre as actividades de cooperación desenvolvidas con outras administracións e organismos, podemos salientar:

- Asistencia a actividades de formación en coordinación con outras universidades.
- Desenvolvemento de ferramentas de software e a execución de estudos IN SILICO no ámbito da quimioteca de INNO-PHARMA, un proxecto financiado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) que conta coa participación do CITIC.





- Deseño da Arquitectura e Middleware da Infraestrutura Orientada ao Desenvolvemento de Novos Servizos/Negocios no Contorno do Sector Enerxético 2.0, proxecto no cal participamos en colaboración con Silenus e que está financiado pola Xunta de Galicia.
  - Acordo coa Xunta de Galicia para iniciar a especialización do Campus de Ferrol como Campus Industrial. A Xunta achega inicialmente 100.000 euros para elaborar o Plano Estratéxico do Campus Industrial. Trátase dunha aposta estratéxica para dotar este campus dunha entidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas do seu contorno, cunha maior visibilidade para garantir o seu futuro e fomentar as súas posibilidades para alcanzar un recoñecemento internacional.
  - Convenio de colaboración coa Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, que consciente da importancia de fomentar a súa actividade no referente á formación, mostrou interese na formación, divulgación e ensino en temas relacionados co sector portuario. Desta forma empezou a colaborar co Mestrado de Loxística e Transporte impartido no Campus de Ferrol.
  - Cátedra Jorge Juan, froito dun convenio asinado co Ministerio de Defensa. Este órgano de relación institucional xorde cun marcado carácter cultural e destacan entre as súas actividades as relacionadas co campo das Humanidades, Navegación e Construción Naval, Dereito, Economía, Enxeñería e Arquitectura.
- Un claro exemplo da colaboración con outras universidades é o Campus do Mar, iniciativa coordinada pola Universidade de Vigo e promovida polas universidades galegas, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía), para o estudo de todos os ámbitos de coñecemento relacionados co mar. Por iso, dende a UDC posicionámonos como un axente activo en ámbitos como o respecto polo medio, a cooperación ao desenvolvemento e o voluntariado, a igualdade de xénero ou a inclusión, entre outros.

## 6.2. COMPROMISO COS GRANDES RETOS DA SOCIEDADE

Desde a UDC cremos que o noso papel como universidade é o de estar a carón da sociedade e tratar de cooperar con ela na consecución dos seus retos, xa sexan de índole social, ambiental ou vinculados ao desenvolvemento socioeconómico. Por iso, desde a UDC situámonos como un axente activo en ámbitos como o respecto polo medio, a cooperación co desenvolvemento e co voluntariado, a igualdade de xénero ou a inclusión, entre outros.

### COOPERACIÓN CO DESENVOLVEMENTO E VOLUNTARIADO

Na UDC contamos cunha Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) que canaliza as demandas de participación e solidariedade na procura do ben común local e global dentro da nosa área de influencia. Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da universidade, e ofrece espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a nosa misión como entidade de educación superior.

A OCV conta con dúas oficinas situadas nos campus de Elviña (A Coruña) e Esteiro (Ferrol). É membro fundador da Rede Galega de Cooperación Universitaria co Desenvolvemento (RGCUD), xunto coas súas homólogas das outras dúas universidades galegas.

Entre os proxectos desenvolvidos durante este período, podemos destacar:

- **Convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Realidade para o Alumnado** en programas de cooperación co desenvolvemento. Esta iniciativa, que lle ofrece ao alumnado a posibilidade de desprazarse a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estada de cooperación, está dotada con 22 000 euros, destinados a financiar os gastos de desprazamento ao país de destino e o seguro de viaxe, así como os de xestión e coordinación da devandita actuación.
- **Convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Realidade para PDI e PAS**, co obxectivo de achegarlle este tipo de proxectos ao persoal e buscar a súa implicación. A edición correspondente ao 2015 estivo dotada con 7000 euros e contou coa participación de cinco persoas.
- **Convocatoria de Educación ao Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social para a Comunidade Universitaria.** Esta iniciativa que ten como obxectivos apoiar as actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria, cuxo fin sexa darlle impulso aos valores da solidariedade; sensibilizar a sociedade sobre as causas da pobreza e as desigualdades norte-sur, norte-norte; fomentar o desenvolvemento humano sustentable e a xustiza social; e favorecer aquelas iniciativas que promovan a participación social da comunidade universitaria. Esta convocatoria, dotada en 2015 con 8000 euros, contou cun aumento considerable de persoas participantes, pasando de cinco a dez.
- **Actividade formativa** que, estruturada ao redor de calendarios anuais de formación, ofrece diferentes cursos e seminarios ao longo do ano co fin de ofrecer accións de calidade por parte do voluntariado.

### IGUALDADE DE XÉNERO

No noso compromiso cunha universidade e cun contorno plenamente igualitario en materia de xénero, contamos con dous organismos cuxo labor se centra especificamente neste ámbito, a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) e o Centro de Estudos de Xénero e Feministas.

A actuación da OIX ten como misión velar polo cumprimento do principio de igualdade entre mulleres e homes, co fin de alcanzar a plena incorporación das mulleres á vida política, cultural e científica no seo da nosa universidade. O fin último deste organismo é lograr unha actividade docente, investigadora e laboral máis igualitaria e que impida calquera manifestación de discriminación por razón de xénero que poida aparecer tanto na propia UDC como no noso contorno social e cultural.

No ámbito da igualdade de xénero cómpre salientar o I Plan de igualdade entre mulleres e homes da UDC, aprobado polo Consello de Goberno en novembro de 2013, ademais, contamos con outra ferramenta fundamental neste ámbito, o Protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo.

A OIX participa ao longo do ano en distintas iniciativas, como xornadas (Xornadas Municipais de Educación, Educando en igualdade; Xornadas sobre Responsabilidade Social organizadas

pola OCV; Seminario de investigación da Facultade de Filoloxía: Feminismo, xénero e estudos queer; XIII Asemblea Xeral da Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT) en Valencia; etc.), exposicións (Muller e Ciencia: 13 Nomes para Cambiar o Mundo, Con A de Astrónomas, etc.), participación nos medios (programa Voces de Galicia de Radio Voz), ou distintos actos institucionais.

Desde a OIX promóvense ademais cursos, orgánzanse xornadas, xéranse materiais didácticos e trabállase para a visibilización das mulleres co foco posto na igualdade de xéneros. Entre as actividades desenvolvidas durante o curso 2014-2015 podemos destacar, entre moitas outras:

- V Xornadas de Igualdade na Facultade de Ciencias do Traballo, levadas a cabo coa colaboración do Fondo Social Europeo.
- II Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero: Ángeles Alvariño
- Acto institucional na Facultade de Ciencias do Deporte. Conferencia de Mercé Barrientos: Mulleres e Olimpismo
- III Xornada Universitaria Galega en Xénero, en colaboración coas unidades de igualdade das universidades de Santiago de Compostela e Vigo.

Pola súa banda o Centro de Estudos de Xénero e Feministas pretende xerar un espazo universitario de reflexión, debate e investigación para os estudos de xénero na liña demandada polas recomendacións da Comisión Europea e seguindo as tendencias existentes en moitas universidades españolas.

## INCLUSIÓN E DIVERSIDADE

Outro dos nosos compromisos co contorno é fomentar a inclusión de grupos con especiais dificultades e un clima de diversidade tanto na vida universitaria como na sociedade.

Neste ámbito desenvolvemos distintos proxectos ao longo do ano impulsados por diferentes organismos e unidades da universidade.


Desde a Unidade de Atención á Diversidade (ADI) trabállase para facilitar a plena integración do alumnado, profesorado e PAS que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimentan dificultades ou barreiras externas a un acceso adecuado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

A través desta unidade ofrécense distintas axudas que fan da UDC unha institución máis diversa e inclusiva. Axudas económicas, adaptacións, préstamo de dispositivos, transporte adaptado ou intérpretes de lingua de signos son só algúns exemplos.

Dos 27 usuarios que no curso 2014-2015 solicitaron algún apoio dentro da ADI, 15 son homes e 12 son mulleres. En transporte adaptado, asistencia persoal e intérprete de lingua de signos para cubrir as necesidades específicas que pode presentar este alumnado, investiuse un total de 73 385,76 euros.

Durante o curso académico 2014-2015, 113 persoas (62 mulleres e 51 homes) gozaron da exención de taxas por discapacidade na UDC, o que representou un importe total de 86 330,58 euros que se deixaron de cobrar en importe de matrícula.

### Alumnado usuario directo dos servizos da ADI en función do total que solicita exención de taxas por discapacidade



Desde a ADI tamén se ofrecen servizos de apoio ao profesorado, por exemplo préstamo de dispositivos ou asesoramento sobre adaptacións e outros temas relacionados coa diversidade do alumnado.

O ADI intégrase tamén no SAPDU (Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade en Universidades), un grupo de traballo que reúne a

técnicos dos servizos de atención a persoas con discapacidade de 57 universidades españolas.

Tamén cómpre salientar neste ámbito a organización por parte da UDC en colaboración coa OIX e a ADI da Xornada sobre responsabilidade social e diversidade na UDC, que tivo lugar no salón de actos do Campus de Ferrol, así como as Xornadas de sensibilización sobre diversidade funcional.

Entre os principais proxectos desenvolvidos no contorno da universidade no ámbito da inclusión e a diversidade podemos destacar **Espazo compartido**, o **Proxecto CE10**, a **Universidade Sénior** e o **Programa de Aloxamento Interxeracional**.

### ESPAZO COMPARTIDO

Este proxecto, impulsado pola Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, o Consello Social da UDC, a Fundación Universidade da Coruña e a Unidade de Atención á Diversidade da UDC, supón un espazo de formación para persoas con discapacidade. Trátase dun proxecto pioneiro no sistema universitario autonómico e un dos primeiros no ámbito nacional.

É un programa universitario de formación en habilidades persoais, sociais e competencias básicas, orientado á mellora da empregabilidade e ao fomento da inclusión laboral de xuventude con discapacidade cognitiva.

O principal obxectivo do proxecto é o de abrir o ámbito universitaria a colectivos que non poden acceder polas vías ordinarias debido ás barreiras de acceso.

### PROXECTO CE10

Co patrocinio do Consello Social, creouse na Facultade de Dereito da Coruña o Proxecto CE10, constituído en Observatorio de Políticas Públicas en Materia de Discapacidade, Atención á Diversidade e Igualdade de Oportunidades. Investigadores do Grupo Dereito Público Global e expertos noutros ámbitos científicos reúnen desde entón cada semana para recompilar, sistematizar, analizar e avaliar a normativa universitaria desde a perspectiva das políticas públicas de diversidade, coa finalidade de facer propostas de reforma, mellora e innovación no tratamento da diversidade.

O primeiro resultado desta intensa actividade investigadora é unha “Carta dos dereitos dos estudantes con discapacidade na Universidade”, co reto de lograr o seu recoñecemento nas leis de educación universitaria e nos estatutos das universidades.


Ademais da liña investigadora, desenvolve proxectos de formación e sensibilización dentro da comunidade universitaria e no ámbito educativo.

### UNIVERSIDADE SÉNIOR

A través da Universidade Sénior ofrecemos estudos destinados a un sector da sociedade maior de 50 anos que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación, que estea actualizada e se adecue ás súas inxerencias formativas e intereses culturais.

A Universidade Sénior, como programa de estudos universitarios, consta dun plano docente distribuído en catro cursos académicos. O alumnado que completa o plano de estudos está en disposición de adquirir o Título de Graduado Sénior pola Universidade da Coruña.

### Evolución do alumnado da Universidade Sénior



### PROGRAMA COMPARTE DE ALOXAMENTO INTERXERACIONAL

Esta iniciativa desenvolvida no Campus de Ferrol consiste na convivencia de persoas maiores e estudantes. Trátase dun programa de vivenda compartida no que a persoa maior lle ofrece ao estudante aloxamento no seu domicilio, mentres que este axuda e apoia a persoa maior nas tarefas e obrigas que ambos os dous decidan.




## RESPECTO POLO MEDIO

O noso compromiso co medio plásmase tanto na nosa xestión diaria como no fomento de boas prácticas no conxunto da sociedade.


A Oficina de Medio Ambiente (OMA) é o organismo que coordina as prácticas da UDC en materia de xestión ambiental, ademais de realizar tarefas de sensibilización e xestionar a participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio.

Xestionamos e avaliamos os nosos consumos de tal forma que poidamos sentar as bases para unha xestión máis eficiente destes.


### Evolución do consumo de electricidade (kWh)



### Evolución do consumo de gasoil e gas natural (kWh)



### Evolución do consumo de auga (m<sup>3</sup>)



Así mesmo, están a realizarse estudos para unha avaliación máis ampla do impacto ambiental que xera a nosa actividade, de tal forma que nos permita avaliar de forma global aspectos como o consumo de papel, a xeración de residuos ou o impacto que ocasionamos en materia de mobilidade, entre outros.

### PROGRAMA GREEN CAMPUS

Entre as iniciativas que desenvolvemos en materia ambiental destaca este programa, desenvolvido no marco do convenio de colaboración que asinamos coa Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), como membro da Fundación for Environmental Education (FEE) para a implantación de procedementos de xestión ecolóxica baixo a bandeira verde Green Campus.

Este programa, que conta coa participación de máis de 40 universidades en Europa, desenvólvese cos seguintes obxectivos:

- Optimización no consumo de auga e enerxía
- Redución na xeración de residuos e recollida selectiva
- Atención preferente aos residuos de aparellos tecnolóxicos e electrónicos
- Contaminación atmosférica, acústica e lumínica
- Alimentación saudable
- Biodiversidade
- Compra verde, comercio xusto e consumo responsable
- Participación, sensibilización e voluntariado ambiental
- Ambientalización curricular da docencia e da investigación

Este traballo, que comezou en 2014, tivo o seu primeiro gran fito coa certificación coa bandeira verde da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT) e a Facultade de Ciencias da Saúde (FCS). Estes centros analizaron o seu impacto ambiental e con base nesta análise desenvolveron e implantaron melloras tanto para reducir a súa pegada ecolóxica como para concienciar a comunidade universitaria sobre a necesidade e viabilidade das melloras ambientais. Traballamos na actualidade para alcanzar a certificación dos outros centros adheridos a este programa.

O Programa Green Campus, no cal se desenvolven ecoauditorías ambientais nos centros aco-

llidos, supón a creación dun comité ambiental, a elaboración dun plano e a súa realización e avaliación, un traballo sólido que nos permite ir gañando experiencia no ámbito dunha xestión ambiental responsable.

Entre as prácticas desenvolvidas polos centros podemos destacar a consolidación do uso da compostaxe ou a realización de auditorías para avaliar o consumo de auga e enerxía.

### SUSTENTABILIDADE MEDIANTE PRÁCTICAS DE GREEN IT

Desenvolvemos iniciativas para reducir o impacto ambiental dos nosos consumos vinculados á tecnoloxía. Podemos destacar as seguintes:

- Implantación dun sistema de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
- Políticas de compra responsable
- Utilización de escritorios virtuais
- Thin clients fronte a equipos de sobremesa, pola súa eficiencia enerxética
- Recomendacións de uso para a impresión sustentable
- Recomendacións para a suspensión de equipos e modos de aforro de enerxía nos postos dos usuarios
- Eliminación de residuos informáticos mediante empresas acreditadas

Merecen especial atención os nosos esforzos para unha mobilidade sustentable, con iniciativas como a enquisa de mobilidade e pegada ecolóxica. Para favorecer unha mobilidade sustentable, fomentamos o uso da bicicleta como medio de transporte da comunidade universitaria. Iniciativas como o préstamo de bicicletas, o deseño de itinerarios para chegar á universidade ou a elaboración da guía *Somos Tráfico* sobre o uso da bicicleta como medio de transporte.

Así mesmo, traballamos no desenvolvemento de distintas iniciativas para a mellora global da nosa xestión ambiental, como a implantación da compostaxe de residuos orgánicos nos comedores dos novos centros de Elviña e Oza, a realización de campañas dirixidas á comunidade universitaria para promover o aforro enerxético e de recursos naturais, a adopción de mecanismos de aforro de auga nas cisternas, ou a mellora da eficiencia na iluminación pública do campus, entre outras.





### 6.3. PROMOCIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS

Un dos nosos obxectivos fundamentais, como unha das institucións vertebradoras da xeración de coñecemento e cultura en Galicia, é o fomento da lingua e cultura galegas dentro e fóra da universidade.

Este compromiso, que implica a toda a universidade, canalízase principalmente a través do Servizo de Normalización Lingüística (SNL), que desenvolve distintas actividades destinadas ao público de dentro e fóra da comunidade autónoma e da comunidade universitaria para fomentar a lingua e cultura galegas. Entre as actuacións desenvolvidas no período 2014-2015 podemos destacar:

#### FORMACIÓN

- VIII Curso de Verán de Lingua e Cultura Galega para Persoas Extranxeiras
- Curso de Redacción de Documentos Administrativos


#### DINAMIZACIÓN

- XI Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Mudanzas e Afianzamentos Lingüísticos na Mocidade
- XII Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras
- Axudas á investigación en lingua galega

#### ASESORAMENTO

Desde este departamento tamén se presta un servizo de revisión e tradución de textos, así como de revisión de dúbidas lingüísticas puntuais, todo iso co obxectivo de contribuír á mellora da calidade da lingua galega que se emprega na UDC, así como homoxeneizar o seu uso que se realiza desde a institución.

#### Páxinas traducidas e corrixidas polo Servizo de Normalización





## 6.4. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

### GOBERNO DA UDC E PARTICIPACIÓN NA TOMA DE DECISIÓNS

O Consello de Goberno é o órgano de goberno ordinario da universidade, que elabora e aproba as súas normas de funcionamento. Fórmase con representantes de toda a comunidade universitaria.

Contamos cunha estrutura participativa e flexible que, baseándonos no Estatuto da UDC, favorece a participación dos distintos grupos de interese na toma de decisións da universidade. O citado estatuto é a ferramenta que impulsa a participa-

ción de toda a comunidade universitaria na configuración do marco docente, investigador e social das actuacións universitarias que faculta a súa representación nos diferentes órganos de goberno da universidade.


Así mesmo, o Estatuto da UDC recolle o réxime xurídico, as funcións e competencias tanto dos órganos colexiados (Consello Social, Claustro Universitario, Consello de Goberno, xuntas de facultade e escola e consellos dos departamentos e institutos de investigación), como dos unipersoais (reitor, vicerreitores, secretario xeral, xerente, órganos unipersonais dos centros, e departamentos e directores dos centros de investigación).

### ÓRGANOS COLEXIADOS E ESTATUTARIOS




- **Claustro Universitario:** é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria ao que lle corresponde a elaboración dos estatutos. O Claustro é convocado polo reitor, logo do acordo da Mesa do Claustro e segundo o seu Regulamento de réxime interno. Está composto polo reitor, o secretario xeral, o xerente e representantes dos profesores doutores con vinculación permanente, do resto de categorías de persoal docente e investigador, dos estudantes e do persoal de administración e servizos.
- **Consello Social:** é o órgano de participación da sociedade na universidade. A súa misión é velar pola satisfacción das necesidades e expectativas da sociedade por parte da universidade, promovendo a colaboración entre ambas e a excelencia na docencia, na investigación e na transferencia do coñecemento científico.
- **Defensor universitario:** é o responsable de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria. As súas actuacións están dirixidas a mellorar o funcionamento da universidade como servizo público baixo os principios de independencia, obxectividade e autonomía no marco do estatuto e o ordenamento xurídico. Os modos de actuación do defensor universitario son tres: por instancia de parte, de oficio, ou por mediación e conciliación. As queixas ou reclamacións que chegan á oficina son tratadas coa parte reclamante, telefónica ou presencialmente, ademais de contar coa colaboración dos distintos órganos e servizos administrativos.


### Evolución da xestión de casos polo defensor universitario



### Evolución da xestión de consultas polo defensor universitario



## Evolución da xestión de queixas polo defensor universitario

**COMISIÓNS:**

- Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC)
- Comisión Permanente do Comité de Dirección da EIDUDC
- Comisión de reclamacións de prazas de interinos, contratados e axudantes
- Comisión de reclamacións
- Comisión electoral central
- Comisión de coordinación informática
- Comisión de biblioteca
- Comité de Seguridade e Saúde da UDC
- Comisión Institucional de Mediación, Arbitraje e Conciliación
- Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos

Tamén contan con entidade propia os distintos **centros, departamentos e institutos**, así como a **Escola Internacional de Doutoramento**, que asume a organización, a planificación, a xestión, a supervisión e o seguimento da oferta global de actividades propias do doutoramento na UDC.

## CONSELLO DE DIRECCIÓN EQUIPO REITORAL

REITOR

Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria

Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia

Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sostenibilidade

Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente

Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación

Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

## ASESORÍA XURÍDICA

A Asesoría Xurídica da UDC ten atribuída unha dobre función:

- Asesorar en dereito os órganos de goberno e de representación da UDC, a través da elaboración de informes, ditames e propostas de resolución.
- Representar a UDC en calquera tipo de procedemento administrativo ou xudicial.

Anualmente, no informe do reitor ao Claustro desagréganse as actividades realizadas por este servizo, así mesmo, en 2015:

- Foron presentados 24 recursos contencioso administrativos incoados polo profesorado, o persoal de administración e servizos, o alumnado, terceiros alleos á comunidade universitaria e a propia UDC.
- Na orde contencioso administrativa, ditáronse 26 resolucións favorables á UDC e 9 desfavorables.
- Na orde xurisdiccional social presentáronse 6 demandas e ditáronse 11 resolucións xudiciais favorables e 6 desfavorables á UDC.
- Na orde xurisdiccional penal ditouse unha resolución favorable á UDC.

Entre as actuacións concretas desenvolvidas por este organismo para axudar a universidade para alcanzar os seus obxectivos no ámbito da responsabilidade social podemos destacar:

- Titorización de prácticas do alumnado do grao en dereito.
- Asistencia a actividades de formación en coordinación con outras universidades.
- Mellora dos procesos de apoio á investigación e apoio aos investigadores para a súa participación en convocatorias de axudas económicas, estatais e europeas.
- Apoio e asesoramento para o establecemento de medidas para a ampliación dos beneficiarios de axudas ao aloxamento para estudantes universitarios e o proxecto de residencia pública no Campus da Coruña.
- Emprego da lingua galega en todos os procedementos tramitados pola Asesoría, agás aqueles con proxección fóra de Galicia.

A Asesoría seguirá traballando nesta liña durante os próximos anos, destacando a realización dun proxecto de axilización e simplificación dos pro-

cedementos de xestión no ámbito da entrada en vigor das leis 39/2015 e 40/2015 e o desenvolvemento dun estudo/proposta de incorporación de cláusulas sociais nos pregos de contratación administrativa.

## ASOCIACIONISMO E REPRESENTACIÓN

O Estatuto do estudante proporciona o marco de desenvolvemento do dereito de asociación e recoñece o dereito de reunión, manifestación e folga co fin de potenciar a participación do **estudiantado** na actividade diaria da universidade.

Desde a universidade promovemos asociacionismo dos nosos estudantes, axilizando os trámites para a constitución de asociacións e delegacións de estudantes para a defensa dos seus intereses e dereitos, asesorándoos durante este proceso, e para a obtención de axudas económicas a través do SAPE.

Anualmente celebramos nun centro da UDC a Feira de Asociacións. O 6 de novembro de 2014 realizouse a sétima edición desta feira na Facultade de Economía e Empresa. Alí, os membros das distintas asociacións explícanlles aos alumnos, sobre todo aos que acaban de iniciar os seus estudos, todas as actividades que desenvolven no ámbito universitario.

O **persoal** da UDC conta con dous órganos de representación dos seus dereitos e intereses. No caso do persoal laboral, o órgano de representación é o Comité de Empresa, e no caso do persoal funcionario a Xunta de Persoal.

- O Comité de Empresa é o corpo representativo do persoal suxeito a dereito laboral na UDC. Está regulado nos artigos 62 e 63 do Estatuto dos traballadores e está composto polos traballadores que foron elixidos libremente polos seus compañeiros.
- A Xunta de Persoal é o órgano de representación colexiado do PAS funcionario, lexitimado para defender e promover os intereses económicos e sociais dos funcionarios que representa. A Xunta de Persoal aterase no seu funcionamento ao que establece o seu regulamento interno, de acordo co Estatuto básico do empregado público e a normativa de aplicación. A Xunta de Persoal está composta polos membros que foron elixidos para ese efecto nas eleccións sindicais correspondentes, segundo o que establece a Lei de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas.

## A MEMORIA DA RESPONSABILIDADE SOCIAL

A presente memoria reflicte o noso compromiso coa transparencia ante os grupos de interese. Nela móstrase a resposta da UDC fronte aos principais retos que estes afrontan, así como as súas principais preocupacións e expectativas.


Estes informes, presentados inicialmente como un reporte anual, pasaron a elaborarse por cursos académicos, de tal forma que os seus contidos estean máis aliñados temporalmente cos ciclos habituais do calendario universitario.

Dispoñemos doutros mecanismos de transparencia a través dos que reportamos información sobre o noso desempeño de forma periódica e detallada. Con todo, o obxectivo da memoria de responsabilidade é diferente, achegándolles aos grupos de interese información sobre a xestión da universidade respecto dos seus asuntos materiais e a achega desta á consecución dos seus retos e desafíos, fundamentalmente no ámbito da sustentabilidade desde a súa perspectiva máis ampla (económica, social e ambiental).

## XESTIÓN E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA


Cada ano publicamos os nosos orzamentos a través de distintas canles. A continuación presentamos a evolución deste orzamento global durante os tres últimos anos

### Orzamento total da UDC (euros)



En canto á distribución do orzamento, a partida máis elevada correspóndese co gasto en persoal, que supera o 70% do total. Outras das partidas máis destacadas son as destinadas a bens e servizos, bolsas e investimentos.


### Distribución do gasto no período 2014-2015 (percentaxe)



Pola súa banda, os ingresos que conforman o orzamento da universidade distribúense principalmente entre as transferencias correntes e de capital e taxas.



## Distribución dos ingresos no período 2014-2015 (porcentaxe)



### PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2011-2015:

O Plan de financiamento para o Sistema Universitario de Galicia rexe o financiamento da UDC, xunto á das demais universidades galegas con base nos seguintes principios:

- Estabilidade financeira
- Suficiencia
- Eficiencia
- Equidade institucional

Estes plans garanten uns recursos que permiten atender os servizos das universidades no momento inicial (suficiencia estática) e asegurar que evolucionan co volume de actividade (suficiencia dinámica), vinculando esta parte a resultados obtidos tanto polas actividades docentes como polas de investigación e transferencia.


### FINANCIAMENTO NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA 2013-2020:

O Plan estratéxico da Universidade da Coruña vixente establece que un dos grupos de traballo incluídos neste plan se debe encargar do financiamento e o uso eficiente de recursos. Este equipo encárgase de buscar diversificar as vías de financiamento para complementar o financiamento público con investimento privado e doutros organismos. Actualmente a principal oportunidade de diversificación de ingresos é o financiamento de proxectos no marco da Unión Europea. O plan recolle tres obxectivos estratéxicos neste ámbito:

- Unha captación de recursos activa e uns ingresos diversificados:
  - Impulsando o papel do Consello Social como nexo entre a universidade e a sociedade, empresas e outras institucións; mellorando a xestión da investigación e a transferencia, poñendo en valor a tecnoloxía, os espazos e as instalacións existentes para o seu uso externo e potenciar e promover a imaxe da UDC.
- Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos:
  - Xeneralizando e sistematizando a medición do uso e distribución dos recursos dispoñibles, vinculando a asignación de recursos, cunha especial énfase no uso de novas tecnoloxías para a xestión e a administración e mellorando estas actividades, racionalizando os procesos de compra e subministración e preservando o bo funcionamento da infraestrutura existente.
- Unha comunidade identificada coa institución:
  - Propiciando un ambiente de traballo e estudo positivo, seguro, saudable e estimulante, renovando o compromiso co desenvolvemento profesional das persoas que traballan na UDC, impulsando a participación e a identidade universitaria do estudantado e promovendo a xestión e o uso responsable dos recursos comúns.

Os plans operativos anuais revisan anualmente a dotación económica asignada no marco de cada un dos obxectivos estratéxicos.

## Orzamentos do Plan operativo do período 2014-2015 (euros)



### PLANIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS E INFRAESTRUTURA

No ámbito da planificación de investimentos, especialmente en infraestruturas, o traballo do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos durante o curso 2014-2015 centrouse en:

- Colaborar co Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica na inclusión de cláusulas de contratación e compra pública verde.
- Mantemento da política de resposta inmediata, sempre que sexa posible, ante necesidades da comunidade universitaria en materia de infraestruturas por cuestións de accesibilidade.
- Incorporación de accións de reurbanización e reordenación do espazo público dos distintos campus, sempre que sexa posible, co fin de implementar accións de mellora ambiental.
- Adecuación das infraestruturas para bicicletas no Campus de Elviña e noutros e instalar novos aparcadoiros.
- Xestión das vías de colaboración coas institucións competentes para potenciar a accesibilidade e sustentabilidade do campus.

Entre as prioridades para os próximos exercicios podemos destacar a revisión da adecuación das infraestruturas para bicicleta no Campus de Elviña, en particular, a sinalización dos carrís bici e outras zonas recomendadas, así como a xestión de vías de colaboración coas institucións competentes, como o concello, para potenciar a accesibilidade sustentable do campus.

### XESTIÓN BASEADA NA CALIDADE E A MELLORA CONTINUA

Así mesmo, cómpre salientar a importancia que lle outorgamos a unha xestión de calidade no noso funcionamento interno, por iso implantamos en moitos dos nosos servizos e instalacións algúns dos principais estándares de xestión internacionais. En 2015 superamos as seguintes auditorías:

Auditoría	Total
Servizos que realizaron a auditoría de seguimento da súa acreditación con base na Norma UNE-EN-ISO 9001:2008	4
Servizos que realizaron a auditoría de seguimento da súa acreditación con base na Norma UNE 166002:2006 /9001 (Sistemas de xestión de I+D+i)	1
Laboratorios que realizaron a auditoría de seguimento da súa acreditación con base na Norma UNE-EN-ISO 9001:2008	4
Laboratorios que realizaron a auditoría de seguimento da súa acreditación con base na Norma UNE-EN-ISO 17025:2005	3
Laboratorios que realizaron a auditoría de acreditación con base na Norma UNE-EN -ISO17025:2005	1

# 3

# METODOLOGÍA E ANEXOS



A UDC, unha  
institución que  
responde e se adapta  
ás demandas da  
sociedade.





## METODOLOXÍA

Este informe foi elaborado tomando como referencia, para a determinación de contidos e calidade da memoria, os principios da Guía para a elaboración de memorias de sustentabilidade da Global Reporting Initiative (GRI), na súa versión G4.

Aínda que a guía non está deseñada de forma específica para o reporte de información de institucións educativas, a aplicación dos seus principios para determinar os contidos e a calidade da memoria, permítenos darlles resposta ás necesidades de información dos grupos de interese

con base nun marco global e próximo ao aplicado por institucións e empresas de todo o mundo.

Así mesmo, durante o proceso de definición dos contidos do informe e da forma de presentar a información tivéronse en conta as directrices do marco de información publicado polo Consello Internacional do Informe Integrado (IIRC): enfoque estratéxico e orientación futura, conectividade da información, relación cos grupos de interese, materialidade, concisión, fiabilidade e exhaustividade e consistencia e comparabilidade.

<b>PERÍODO CUBERTO</b>	Curso 2014-2015. Parte da información preséntase por ano natural ao ser este o seu método de recompilación .
<b>ALCANCE E COBERTURA</b>	<p>O presente informe resume o desempeño da Universidade da Coruña e os seus organismos asociados durante o curso 2014-2015. Respecto de informes anteriores aplicouse un cambio de criterio na cobertura temporal destes, pasando dun modelo por ano natural a outro por curso académico.</p> <p>Este cambio permítenos reportar acerca de noso desempeño dunha forma máis adecuada ao calendario que rexe a actividade ordinaria dunha universidade.</p> <p>Como consecuencia deste cambio non se reportou memoria correspondente ao exercicio 2013, non obstante, móstranse ao longo deste informe diferentes indicadores correspondentes a este exercicio en gráficos que nos permiten avaliar a súa evolución temporal.</p>
<b>PRINCIPIOS PARA A DETERMINACIÓN DE CONTIDOS SEGUNDO GRI G4</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación dos grupos de interese</li> <li>• Contexto de sustentabilidade, no marco do noso desempeño económico, social e ambiental</li> <li>• Materialidade, respondendo aos nosos principais impactos económicos, sociais e ambientais de acordo coa súa relevancia na toma de decisións dos grupos de interese</li> <li>• Exhaustividade, en relación co alcance, cobertura e espazo temporal da información presentada</li> </ul>
<b>PRINCIPIOS PARA DETERMINAR A CALIDADE DA MEMORIA SEGUNDO GRI G4</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equilibrio</li> <li>• Precisión</li> <li>• Puntualidade</li> <li>• Comparabilidade</li> <li>• Claridade</li> <li>• Fiabilidade</li> </ul>



# ANEXOS

## SIGLAS

<b>ADE</b>	Administración e Dirección de Empresas
<b>ADEAC</b>	Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor
<b>ADI</b>	Unidade de Atención á Diversidade
<b>AMIT</b>	Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas
<b>CICA</b>	Centro de Investigacións Científicas Avanzadas
<b>CIEC</b>	Centro Internacional de Estampa Contemporánea
<b>CISE</b>	Centro Internacional Santander de Emprendemento
<b>CIT</b>	Centro de Investigacións Tecnolóxicas
<b>CITEEC</b>	Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil
<b>CITIC</b>	Centro de Investigacións TIC
<b>CUFIE</b>	Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa
<b>EDASS</b>	International Workshop on Economic Development and Social Sustainability
<b>EEES</b>	Espazo Europeo de Educación Superior
<b>Etc</b>	Equivalencia a tempo completo
<b>ETI</b>	Ethical Trading Initiative
<b>ETS</b>	Escola Técnica Superior
<b>ETSAC</b>	Escola Técnica Superior de Arquitectura

## SIGLAS

<b>EUAT</b>	Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
<b>FCS</b>	Facultade de Ciencias da Saúde
<b>FEE</b>	Foundation for Environmental Education
<b>FUAC</b>	Fundación Universidade da Coruña
<b>GRI</b>	Global Reporting Initiative
<b>ICTNET</b>	Consorcio Internacional en Tecnoloxías da Información e a Comunicación
<b>INIBIC</b>	Instituto de Investigación Biomédica da Coruña
<b>IPP</b>	The Impact per Publication
<b>ISS</b>	International Summer School
<b>ITMATI</b>	Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial
<b>JCR</b>	Journal Citation Reports
<b>NIH</b>	Instituto Nacional da Saúde de EEUU
<b>OCV</b>	Oficina de Cooperación e Voluntariado
<b>OIX</b>	Oficina para a Igualdade de Xénero
<b>OMA</b>	Oficina de Medio Ambiente
<b>OTRI</b>	Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación
<b>PAA</b>	Plan de apoio á aprendizaxe
<b>PAE</b>	Plan de apoio ao ensino
<b>PAI</b>	Plan de apoio ao doutoramento e á investigación
<b>PALDI</b>	Programa de apoio lingüístico á aocencia
<b>PAS</b>	Persoal de administración e servizos
<b>PAT</b>	Plan de acción titorial
<b>PDI</b>	Persoal docente e investigador
<b>PFI</b>	Plan de formación inicial
<b>PMEC</b>	Programa mellora empregabilidade nos centros da UDC
<b>REUS</b>	Rede Española de Universidades Saudables

## SIGLAS

<b>RGCUD</b>	Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento
<b>RUC</b>	Repositorio Institucional
<b>SAEE</b>	Servizo de Asesoramento ao Emprendemento e ao Emprego
<b>SAI</b>	Servizos de Apoio á Investigación
<b>SAPDU</b>	Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade en Universidades
<b>SAPE</b>	Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante
<b>SJR</b>	SCImago Journal Rank
<b>SNIP</b>	Source Normalized Impact per Paper
<b>SNL</b>	Servizo de Normalización Lingüística
<b>SUG</b>	Sistema Universitario de Galicia
<b>SUP</b>	Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña
<b>UDC</b>	Universidade da Coruña
<b>USC</b>	Universidade de Santiago de Compostela
<b>UTC</b>	Unidade Técnica de Calidade





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

[www.udc.es](http://www.udc.es)